# AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

## Curso 2022-2023

# Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)-INTERCAMPUS


- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- Cumprimento do proxecto establecido
    - Dimensión 1. A xestión do título
        - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
        - Criterio 2. Información e transparencia
        - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
    - Dimensión 2. Recursos
        - Criterio 4. Recursos Humanos
        - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
    - Dimensión 3. Resultados
        - Criterio 6. Resultados de aprendizaxe
        - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores

- Plan de Melloras
    - Finalizadas Curso 2022-2023
        - Outros Criterios
            - AM-MP-01
            - AM-MP-02
            - AM-MP-03
            - AM-MP-04
            - AM-MP-05
            - AM-MP-06
            - AM-MP-07
            - AM-MP-08

        - AM-MP-09
        - AM-MP-10
        - AM-MP-11
        - AM-MP-12
        - AM-MP-13
        - AM-MP-14
        - AM-MP-15
        - AM-MP-16
        - AM-MP-17

- Abertas Curso 2023-2024
    - Outros Criterios
        - AM-MP-01
        - AM-MP-02
        - AM-MP-03
        - AM-MP-04
        - AM-MP-05
        - AM-MP-06
        - AM-MP-07
        - AM-MP-08
        - AM-MP-09
        - AM-MP-10
        - AM-MP-11
        - AM-MP-12

# Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)-INTERCAMPUS

| 1. DATOS DO TÍTULO | |
|---|---|
| Denominación do título | Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS |
| Mencións/Especialidades | **Mencións/Especialidades**<br>• Atención á Diversidade (FCE-Santiago)<br>• Educación Musical (FCE-Santiago)<br>• Lingua estranxeira: inglés (FCE-Santiago e FFP-Lugo)<br>• Audición e Linguaxe (FFP-Lugo)<br>• Educación Física (FFP-Lugo)<br>• Dirección e Xestión de Centros (FFP-Lugo) |
| Universidade responsable administrativa | Universidade de Santiago de Compostela |
| En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s | - |
| Centro responsable | Sistema de Garantía de Calidade da docencia-INTERCAMPUS |
| Centro/s onde se imparte | Facultade de Ciencias da Educación<br>Facultade de Formación do Profesorado (FFP-Lugo) |
| Rama de coñecemento | Ciencias Sociais e Xurídicas |
| Número de créditos | 240 |
| Profesión regulada | SI |
| Modalidade de impartición | Estudo presencial |
| Curso de implantación | 2010 |
| Data acreditación ex ante (verificación) | 30/06/2010 |
| Data renovación acreditación | 18/01/2023 |

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A regulación do **Grao en Mestre/a de Educación Primaria** recóllese na Orde ECI/3857/2007, de 27 de decembro, na cal se apuntan as condicións necesarias para verificar os títulos universitarios que capaciten para o desenvolvemento da profesión de Mestre/a, mentres que, pola súa parte, as especialidades docentes dos/as Mestres/as de Educación Primaria preséntanse no Real Decreto 1594/2011, de 4 de novembro.

No noso contexto social, o perfil formativo/egreso do título conserva a súa relevancia e interese. No curso 2016/2017 implantouse a 2ª edición do plan de estudos, que se foi implantando gradualmente, por cursos, e cuxa primeira promoción de estudantes se graduou en 2019/2020. Esta modificación académica respondeu ás necesidades e condicións da profesión regulada.

Na Memoria para a verificación do título está debidamente xustificado o seu interese académico, científico e profesional. No epígrafe dedicado á descrición do título cítase o tipo de ensinanza, as mencións cualificadoras, a distribución de créditos e o número de prazas ofertadas. No Campus de Santiago, na Facultade de Ciencias de Educación (en adiante FCE-Santiago) ofertáronse tres mencións cualificadoras: "Lingua estranxeira: inglés", "Atención á diversidade" e "Educación musical", mentres que no Campus de Lugo, na Facultade de Formación do Profesorado (en adiante FFP-Lugo) ofertáronse catro mencións cualificadoras: "Educación física", "Lingua estranxeira: inglés", "Audición e linguaxe" e "Dirección e xestión de centros".

En canto ao **número de prazas ofertadas**, a Memoria de verificación recolle que a FCE-Santiago dispoñía dun total de 140 prazas de novo ingreso para o primeiro ano de implantación, mentres que a FFP-Lugo contaba cun total de 90 prazas. No curso 2022/2023 o número total de prazas ofertadas foi 194 (112 na FCE-Santiago e 82 na FFP-Lugo, o mesmo que nos cursos anteriores (desde o o curso 2018/2019). A estas prazas cómpre engadir 16 prazas para o Dobre Grao / Simultaneidade de estudos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, tanto no Campus de Santiago de Compostela como no de Lugo. Na FCE-Santiago estabilizáronse as **prazas de novo ingreso (IN01G)** no curso 2018/2019 en 112 prazas, que son as que se mantiveron a partir de 2019/2020. Por este motivo, o número ofertado en Santiago correspóndese coa cifra de 112 prazas. Á súa vez, no Campus de Lugo, na FFP-Lugo, a oferta de prazas estabilizouse en 82 no curso 2018/2019, que son as ofertadas desde aquel curso e ata a actualidade. Así e todo, a cota de prazas ofertadas viuse superado polo número de alumnado finalmente matriculado (procedemento de adscrición da CIUG, véxase **INF. CIUG_2022-2023 de Santiago e Lugo**), polo que a implementación do título xustifícase en base á demanda de estudantes neste ámbito profesional. Desta maneira, para as 112 prazas ofertadas na FCE-Santiago no curso 2022/2023

presentáronse un total de 1.196 solicitudes e para as 82 prazas ofertadas na FFP-Lugo un total de 771 solicitudes. Os datos confirman que a demanda crecente de prazas na titulación, tanto no Campus de Santiago como no de Lugo, é unha constante, cunha cota moi superior de solicitudes por número de prazas ofertadas; feito que leva sucedendo de maneira continua desde o curso 2015/2016.

A **matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN04G)** foi de 216 estudantes no último curso 2022/2023 ao que se refire este autoinforme (en 2018/2019, de 199; en 2019/2020, de 205; en 2020/2021, de 202, e en 2021/2022 de 206), co cal a **variación de matrícula de novo ingreso por preinscrición (IN05G)** no curso 2021/2022, o último do que se dispón de datos a nivel Intercampus, era de 1,98 (1-5) (en 2018/2019 foi de -1.49; en 2019/2020 de 3.02; en 2020/2021 de -1.46 e en 2021/2022 de 1.98 polo que a variación neste 2021/2022). Con todo, a nivel centro na FCE-Santiago márcase neste ítem no curso 2022/2023 a cifra de 136.0 e na FFP-Lugo 80.0. En canto **á relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas (IN10G)**, a nivel Intercampus os valores sitúanse en 70.1 no curso 2022/2023, cifra situada entre as máis altas da serie histórica obxecto de atención (en 2018/2019 foi 65.46; en 2019/2020, 71.13; en 2020/2021, 61.86 e en 2021/2022, 59.79). Pola súa parte, a **matrícula (IN02G)**, é dicir, o número de persoas matriculadas en todos os cursos do título, sen contabilizar os/as estudantes de programas de mobilidade *incoming*, acadou un total de 927 (1020 no curso 2018/2019; 1008 en 2019/2020; 943 no curso 2020/2021 e 925 o curso 2021/2022). A **matrícula de acceso (IN03G)** foi de 232, a cifra máis baixa dos últimos cursos académicos (250 en 2018/2019; 252 en 2019/2020; 239 en 2020/2021 e 245 en 2021/2022), incluíndo tanto as persoas que trasladan o seu expediente, como aquelas que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros ou aqueloutras que se adaptan desde plans en extinción.

A **porcentaxe de estudantes estranxeiros** sobre estudantes matriculados **(IN08G)**, sen contabilizar as persoas matriculadas en programas de mobilidade *incoming*, foi dun 0.54 en 2022/2023, cifra semellante á de anos precedentes (0.69 en 2019/2020; 0.64% en 2020/2021 e 0.65 en 2021/2022). No caso, da **porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (IN09G)**, sen contabilizar as persoas matriculadas en programas de mobilidade *incoming*, cabe sinalar que, neste curso 2022/2023 mantense en 1,19% igual que no curso precedente (0,88 en 2018/2019; 1,19% en 2019/2020; 1,06% en 2020/2021 e 1,19% no curso 2019/2020).

A **taxa de ocupación** do título **(IN12G)** acadou a porcentaxe de 111,34%, continuando co lixeiro aumento en comparación cos cursos anteriores (105.67% en 2019/2020; 104.12% en 2020/2021 e 106,19% en 2021/2022). Tamén a **nota media de acceso por preinscrición (IN06G)** foi de 11.09 (11.69 na FCE-Santiago e 10.18 na FFP-Lugo), a máis alta nos últimos cursos, o que engade atractivo e interese para o futuro alumnado. Neste senso débese sinalar a crecente subida deste indicador que era de 9.40 en 2018/2019; 9,77 en 2019/2020; 10,75 en 2020/2021 e 11.09 en 2021/2022. Os/As **estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G)** foi do 100%, dato que se mantén invariable desde 2018/2019. A **relación de estudantes preinscritos/as en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (IN10G)** foi 70.1 %, a segunda cifra máis alta dos últimos anos (65.46% en 2018/2019; 71.13% en 2019/2020; 61.86% en 2020/2021 e 59.79% en 2021/2022).

A elevada demanda dos/as estudantes polo título vén avalada tanto pola traxectoria da USC na formación de Mestres/as como polos resultados obtidos polas persoas egresadas. A porcentaxe de alumnado que termina os estudos no tempo previsto, é dicir, a **taxa de graduación (IN37G)** é en Santiago de 86.0% e en Lugo o 92.45%, sendo a media un 88.24% en 2022/2023, a máis alta en relación cos cursos anteriores (no ano 2018/2019, 72.77%; en 2019/2020, 74.33; en 2020/2021, 86.5% e en 2021/2022, 86.16%). A duración media dos estudos **(IN38G)** no Campus de Santiago é de 4.22 anos e de 4.15 en Lugo, o que fai un total de 4.2 anos para a titulación, manténdose na mesma liña que en cursos anteriores (4.24 en 2018/2019; 4.30 en 2019/2020; 4.35 en 2020/2021 e 4.19 en 2021/2022). Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formativo deste Título.

Polo que concirne á **Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria**, os datos dos informes da CiUG referidos a esta simultaneidade de estudos confirman así mesmo o interese do alumnado por estes.

Igual que no Grao, os datos son moi positivos. Obsérvase unha demanda sostida por esta simultaneidade de estudos, cun número de solicitudes que supera amplamente as prazas ofertadas desde a súa implantación, unha matrícula consistentemente por riba desas prazas e unha nota media de acceso elevada motivada pola limitación de prazas. No curso 2020/2021 rexistráronse as cifras máis elevadas dos últimos cursos nos dous centros no que ao número de solicitudes e nota media de acceso se refire. Así mesmo, o total de alumnado matriculado tamén foi o máis elevado en conxunto (38 estudantes). No curso 2021/2022 mantívose o número de alumnado matriculado nos dous campus (38 estudantes, 19 en cada campus), mentres que o número de solicitudes foi lixeiramente inferior (181 na FFP-Lugo fronte a 210 no curso anterior; 322 na FCE-Santiago fronte a 357 no curso anterior). Con todo as cifras continuaron sendo moi positivas, tal como amosa tamén a nota media de acceso por preinscrición nese curso: 12,59 nos dous campus ( de xeito desagregado: 12,131 para o alumnado procedente do Bacharelato na FFP-Lugo e 13,083 para o alumnado procedente do Bacharelato na FCE-Santiago, superando neste caso a cualificación media de acceso no curso anterior, que fora de 12,929). Pola súa parte, no **curso 2022-2023** o número de solicitudes foi de 303 na FCE-Santiago e de 194 na FFP-Lugo, un total de 497, mentres que o alumnado matriculado foi de 22 na FFP Lugo e de 18 na FCE-Santiago, un total de 40 persoas. Pola súa parte, a **nota media de acceso por preinscrición (IN06G)** foi de 12.53 nos dous campus: na FFP-Lugo, 12,132 para o alumnado procedente do Bacharelato e de 12,180 para o alumnado procedente da Formación Profesional; na FCE-Santiago, de 13,064 para o alumnado procedente do Bacharelato. En canto á **porcentaxe de estudantes que acceden con puntuación igual ou superior a seis (IN07G)** esta foi do 100% neste curso, ao igual que en todos os anteriores desde a súa implantación. En tanto á procedencia do alumnado, sinalar que maioritariamente provén de Galicia (no curso 2022/2023 eran galegos 16 estudantes na FFP-Lugo e 15 na FCE-Santiago). Polo comentado, en xeral, os datos continúan sendo moi positivos.

**1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.**

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**MATERIAS E MEMORIA DE VERIFICACIÓN DO TÍTULO**

A actividade docente orientada á obtención das competencias previstas desenvolveuse conforme o indicado na Memoria de verificación do título, que amosa a sucesión de materias, organizadas en dous cuadrimestres, para a capacitación e formación profesional dos/as Mestres/as. No apartado quinto a memoria achega as indicacións para a planificación das ensinanzas, respecto das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. No Informe Anual de Seguimento 2015/2016 fixéranse constar erros derivados do proceso de envorcado de datos na Memoria de verificación do título, así como a introdución dos contidos correctos, correspondentes ás materias optativas “A convivencia nos centros escolares” e “A calidade nos centros escolares”, propias da Mención cualificadora “Dirección e xestión de centros”, que se imparte, como xa se indicou, na Facultade de Formación do Profesorado.

As páxinas web das dúas Facultades amosan enlaces aos programas docentes das distintas materias do título, seguindo os parámetros establecidos na Memoria verificada para acadar as competencias a desenvolver ao longo do título. De igual xeito, a oferta de módulos e materias correspóndese co establecido nese documento. Séguese destacando este feito que se vén estabilizando ata o curso 2022/2023.

**ACTIVIDADES FORMATIVAS E MEMORIA DE VERIFICACIÓN DO TÍTULO**
A actividade docente orientada á consecución das competencias previstas está a se desenvolver consonte o indicado na Memoria de Verificación do Título. Polo que concirne ao desenvolvemento das competencias, as enquisas **do grao de sastisfacción xeral das persoas egresadas coa titulación (IN42G)** amosan que estas se amosan satisfeitas, tal como informan os últimos datos aos que se ten acceso correspondentes ao curso 2021/2022, cun 3.32 na FCE-Santiago e 3.32 na FFP-Lugo. (Non se ten acceso á información do curso 2022/2023 en relación con este ítem).

Con relación ao desenvolvemento das actividades académicas, cómpre deixar constancia de certos problemas que obstaculizan unha mellor execución do plan de estudos de acordo coa memoria verificada, concretamente a ratio de alumnado por docente, os espazos para a docencia e o recoñecemento docente dos labores de titoría e supervisión de prácticum. Estas cuestións, que non dependen directamente dos centros, seguen a poñerse en coñecemento das instancias oportunas para ser solventadas na medida do posible, de acordo cos procesos correspondentes dos Manuais de Procesos dos centros referentes á identificación de necesidades de persoal e á xestión dos recursos materiais.

En primeiro lugar, o elevado número de alumnado, o escaso número de persoal docente (consecuencia directa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, e cuestión que se tratará máis polo miúdo no Criterio 4 deste informe) e as limitacións de espazos dispoñibles (explicadas con maior detalle no Criterio 5) fan que o tamaño dos agrupamentos de docencia dificulte en ocasións o óptimo desenvolvemento das actividades formativas.

En canto á **media de alumnos/as por grupo de docencia interactiva (IN32G)** esta ten descendido progresivamente nos últimos anos ata situarse en 25.94 no curso 2022/2023 (29.32 no curso 2018/2019; 24.88 no curso 2019/2020; 24.79 no curso 2020-2021 e 24.8 no curso 2021/2022). Sería desexable poder contar con agrupamentos aínda máis reducidos para asegurar o adecuado desenvolvemento das actividades formativas, polo que se continuará a traballar nesa liña. Pola súa parte, non se teñen datos actualizados da **media de alumnos/as por grupo de teoría (IN31G),** de maneira que o último actualizado, o de 2017/2018, é de 54.63 de media dos dous centros.

Polo que respecta á relación entre **a media de alumnado matriculado en materias de formación básica e obrigatorias por grupo de teoría (expositivas) (IN55G)**, esta mantense en niveis similares (incrementados lixeiramente) desde o curso 2018/2019: 75.57 de media nos dous centros, FCE-Santiago e FFP-Lugo, no curso 2018/2019; 74.29 no curso 2019/2020; 75.71 no curso 2020/2021; 76.77 no curso 2021/2022 e 77.36 no curso 2022/2023. A **media de alumnado matriculado en materias optativas por grupo de teoría (expositivas) (IN56G)** mantense igualmente en cifras elevadas e constantes: 52.18 no curso 2018/2019; 41.64 no curso 2019/2020; 43.94 no curso 2020/2021; 41.91 no curso 2021/2022 e 41.38 no curso 2022/2023.

Por outra banda, é preciso mencionar as dificultades derivadas do escaso recoñecemento docente dos labores de titoría académica e supervisión do Prácticum, que afectan directamente á boa marcha das actividades académicas e que, malia ás insistentes demandas realizadas desde os centros aos órganos correspondentes, continúan sen solucionarse de xeito satisfactorio.

O recoñecemento desta docencia viña sendo de 3 horas por alumno/a matriculado/a ata o curso 2013-14, incluído. Na PAA 2014-15 este recoñecemento reduciuse drasticamente a 1,5 horas por alumno, sendo esta decisión xustificada pola crítica situación económica da USC e a imposibilidade de dotar de recursos suficientes ás áreas responsables desta docencia, moi deficitarias en case todos os casos. Malia unha leve melloría neste aspecto aplicada aos cursos 2015-16 e 2016-17, nos que se contemplou un recoñecemento de 2 horas por alumno matriculado, nos cursos 2017-18 e 2018-19 retrocedeuse novamente ata as 1,5 horas por alumno para o Prácticum de 12 ou máis ECTS (o Consello de Goberno da USC celebrado o 3 de marzo de 2017 aprobou a PAA 2017-18, documento no que o recoñecemento da docencia do Prácticum pasou a ser

de 1,5 horas por alumno. O recurso de reposición presentado ante o Consello de Goberno foi desestimado). O recoñecemento volveu a aumentar a 2 horas no curso 2019/2020 e mantense ata o curso 2022/2023. Porén, cómpre ter en conta que no segundo Prácticum da titulación (24 créditos) cada alumno/a na FFP conta con dous supervisores na facultade, co cal cada supervisor ve recoñecido o seu traballo cunha única hora por alumno. Pola súa parte, na FCE o alumnado conta cunha persoa supervisora na facultade. En calquera caso, o recoñecemento de horas vén sendo absolutamente insuficiente tendo en conta todas as tarefas que leva asociado o Prácticum.

Malia as dificultades mencionadas, cómpre destacar a dedicación e o compromiso do profesorado dos dous centros para levar adiante as tarefas de titoría e supervisión do Prácticum con resultados altamente satisfactorios (ver apartados 1.3, 6.1 e 7.2).

Por outra banda, no curso 2020-2021 abordouse de xeito específico a cuestión do axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a Memoria Verificada do Título (AM-MP-10). Con respecto a esta cuestión, na FFP-Lugo, o **Documento Marco de Funcións das Coordinacións** establece como responsabilidade dos coordinadores de materia verificar o cumprimento da programación en relación ás fichas da Memoria Verificada do Título (MVT) e solucionar as desviacións detectadas. Así mesmo, o documento contempla como función dos coordinadores de curso instar ao profesorado responsable das materias a elaborar as súas programacións consonte ás Memorias Verificadas dos Títulos. Estas funcións asignadas aos coordinadores de materia e curso derivan do feito de que, de acordo co Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado da USC, as comisións de título supervisan os axustes entre programas e Memorias, pero os programas son previamente aprobados polos departamentos con encarga docente. Polo tanto, os axustes entre os programas e as fichas das materias na MVT deben ser abordados en primeira instancia polos docentes responsables e os seus departamentos, e calquera desviación a ese respecto debería ser detectada nesa fase.

A ese respecto, débese ter en conta que poden existir axustes que sexa aconsellable realizar nas propias fichas con respecto aos programas, por exemplo, para subsanar erros, ou no caso de que as fichas precisen actualizacións derivadas do propio avance do coñecemento, das necesidades reais da aula ou do reformulamento das competencias desenvolvidas.

En calquera caso, desde o centro cómpre poñer en marcha mecanismos para a comprobación sistemática e detección temperá de posibles desviacións entre as fichas das materias na MVT e os programas, por medio das correspondentes accións de mellora, polo que se abriu unha acción para o curso 2021-2022 con tarefas consistentes na reformulación do proceso de revisión de programas e a creación dun rexistro de necesidades de axustes nas fichas das materias na MVT, acción que foi realizada con éxito, tal e como consta na sección 4 (Plan de Melloras) do presente documento.

Finalmente, polo que respecta á normativa de programación docente e os programas das materias, tanto na FCE-Santiago como na FFP-Lugo, a través das coordinacións de curso dáse conta dos desaxustes que se detectan nos informes de revisión de programas elaborados anualmente. As persoas que exercen a coordinación de curso contactan co profesorado das materias para solucionar pequenos erros ou omisións, e trasladan os seus informes á persoa que coordina o título. No caso da FFP-Lugo esta persoa fai un seguimento da coordinación en representación da comisión de título, que é a encargada do seguimento de acordo co proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de Procesos da FFP, e que actúa no caso de detectarse desviacións importantes. Os datos sobre as revisións dos programas forman parte do informe anual que a persoa que coordina o título elabora para a súa análise pola Comisión de Título á hora de preparar o informe de seguimento e para a Xunta de Facultade, entre cuxas competencias se atopa, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. Todos os datos correspondentes á revisión de programas realizada durante o curso 2022/2023 (na que non se rexistraron incidencias destacables) pódense atopar nas evidencias que se achegan para o peche da acción de mellora mencionada no parágrafo anterior.

**CURSO DE ADAPTACIÓN**

O Curso de Adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofértase coas mesmas condicións e recursos que o grao.

**MOBILIDADE DO ALUMNADO**
Por último, polo que se refire á participación do alumnado cos programas de mobilidade, comentar que o alumnado pode participar de xeito opcional nos programas de mobilidade rexidos polo "Regulamento de intercambios interuniversitarios". A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (Erasmus) e extracomunitarios (países de América Latina ou de fala inglesa).

No curso 2022/2023 a **satisfacción media dos/as estudantes saíntes cos programas de mobilidade (IN15G)** foi de 3.51 (3.49 na FCE-Santiago e 3.59 na FFP-Lugo) mantendo a tendencia dos últimos anos (en 2018/2019 foi de 3.70; 4.51 no curso 2020/2021 (non se ten acceso aos datos correspondentes aos curso 2019/2020 e 2021/2022). No curso 2022/2023, igual que nos últimos anos, non se conta con cifras actualizadas da **porcentaxe de estudantes enviados/as pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G)**, de xeito que, ao non existir información recente faise referencia ao último curso dispoñible: en 2017/2018 supuxo un 2.39 % na Facultade de Santiago e un 0.76% na de Lugo, marcando un 1.76 de media. Dadas as circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria da COVID-19, os datos de mobilidade e traslados víronse afectados. Cómpre salientar, así mesmo, que o indicador neste caso non resulta fiable, sendo as porcentaxes reais de estudantes enviados maiores, xa que, de acordo coas condicións das convocatorias, non todo o alumnado matriculado pode acceder a prazas de mobilidade. De feito, unicamente cumpren as condicións para solicitar praza os estudantes que cursan segundo e terceiro (e cuarto soamente no caso do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos).

Na FCE-Santiago beneficiáronse dos **programas de mobilidade (INF.03)**, no curso 2022/2023, un total de 36 alumnos/as Grao en Mestre/a de Educación Primaria para a **mobilidade saínte**, unha cifra menor á do ano anterior, que fora a máis alta nos últimos cursos, mais que é acorde coas cifras dos últimos cursos (44 en 2018/2019; 63 en 2019/2020; 22 en 2020/2021 e 77 en 2021/202). Así, 24 estudantes gozaron do Programa Erasmus (4 máis que en 2021/2022, no que foran 20 persoas) e 12 realizaron a súa mobilidade dentro do Programa SICUE (unha persoa máis que en 2021/2022 no que foron 11 as que participaran). En relación aos programas de **mobilidade entrante** en 2022/2023 foron un total de 27 as persoas que entraron no Grao de Mestre/a de Educación Primaria: 4 convenios bilaterais; 2 Erasmus e 21 SICUE). Pola súa parte, no que á **Dobre Grao/Simultaneidade de Estudos** se refire, participaron nos programas de **mobilidade saínte** un total de 3 persoas (2 Erasmus e 1 SICUE), mentres que na **modalidade entrante** participou 1 persoa.

Pola súa parte na FFP-Lugo, no curso 2022/2023 con respecto á **procedencia ou destino do alumnado participante en programas de mobilidade saínte (INF. 03)**, enviáronse 1 alumnos/as de SICUE e 2 de Erasmus do Grao en Mestre/a de Educación Primaria. En canto ao a**lumnado participante en programas de mobilidade entrante (INF.03)** participou 1 persoa no programa SICUE. As cifras mantéñense en valores similares ás dos últimos anos, polo que, a baixa porcentaxe de alumnado participante neste tipo de programas obriga a continuar esforzándose en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado. Pola súa parte, no que á **Dobre Grao/Simultaneidade de Estudos** se refire, participaron nos programas de **mobilidade saínte** un total de 4 persoas na modalidade Erasmus, non existindo persoas na **modalidade entrante**

Tal e como consta nos sucesivos informes de seguimento, nos últimos cursos véñense desenvolvendo accións de mellora relativas á mobilidade de estudantes e encamiñadas cara a fomentar a participación do alumnado nestes programas, tanto no Grao de Primaria coma no de Infantil e no Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.

Neste sentido, na FCE-Santiago existe un Vicedecanato específico para cuestións de mobilidade, así como profesorado encargado de coordinar, recibir e asesorar os/as estudantes dos diferentes programas (Erasmus, Sicue ou Convenios Bilaterais). Ademais, de maneira periódica organízanse diferentes xuntanzas divulgativas, explicativas e informativas co alumnado para dar a coñecer as diferentes propostas neste eido, ao tempo que se solucionan dúbidas que podan xurdir. É unha práctica habitual convidar o alumnado que teña participado nestes programas anteriormente a esas xuntanzas, para que así poidan dar a súa opinión desde unha perspectiva diferente, motivando os/as estudantes solicitantes. En definitiva, na FCE-Santiago intensificáronse as actividades de difusión e información e as persoas responsables desas accións de

mellora informaron o alumnado por medio de reunións presenciais e/ou a través do campus virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, ofrecendo, así mesmo, o material facilitado polo Servizo de Relacións Exteriores e solucionando dúbidas formuladas polo alumnado. Observouse un aumento considerable tanto nas solicitudes de prazas coma nas adxudicacións en comparación con anos anteriores.

Pola súa parte, na FFP-Lugo nas tarefas de difusión de información en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polo centro involucrouse non soamente ao Responsable Académico de Mobilidade e aos coordinadores académicos de intercambios, senón tamén ás persoas que coordinan o título e os diferentes cursos.

Con respecto á procedencia ou destino específicos do alumnado participante en programas de mobilidade, os datos do curso 22/23 amosan que na FFP-Lugo participaron en mobilidade saínte dous estudantes de SICUE no Grao de Infantil; dous estudantes Erasmus (Austria) e un SICUE no Grao de Primaria; e catro estudantes Erasmus (Austria e Finlandia) no Dobre Grao; sumando un total de 9 estudantes participando en mobilidade saínte. En mobilidade entrante, recibiuse a un estudante no Grao de Primaria procedente da Universidade de Granada. Con respecto ao curso 22/23, reabriuse unha acción de mellora (AM-MP-06) para intensificar as actividades de difusión e información que fomenten a participación do alumnado nos programas de mobilidade.  Na FFP-Lugo, ao longo do curso, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto coas coordinadoras dos títulos e as coordinadoras de curso informaron o alumnado por medio do campus virtual de todas aquelas convocatorias relacionadas coa mobilidade, e trasladaron o material preparado polo Servizo de Relacións Exteriores, solucionando as dúbidas formuladas polo alumnado ou remitindo ás persoas coordinadoras de mobilidade correspondentes. A necesidade de continuar fomentando a participación motiva a reapertura da acción de mellora para o curso 2023-2024, co fin de facer un seguimento específico da mobilidade saínte do alumnado, en liña coas observacións realizadas polo comité avaliador no proceso de renovación da acreditación da titulación.

A participación do alumnado en programas de mobilidade é un aspecto sen dúbida susceptible de mellora, malia que cómpre matizar que na persistencia de prazas vacantes en destinos Erasmus inflúen cuestións económicas, de competencia lingüística do alumnado (por exemplo, na FFP-Lugo non se adoitan cubrir as prazas de Erasmus que requiren portugués, e non se cobren todas as prazas de francés), e de limitacións nas equivalencias entre os programas ofertados polas universidades de destino e o nosos planos de estudos, os cales preparan ao alumnado para o exercicio dunha profesión regulada cuxa normativa varía dependendo do país. Unha razón específica para a baixa participación no programa SICUE é sen dúbida de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, non ter bolsas aseguradas e estar suxeitas a máis trámites burocráticos, xa que, de acordo co regulamento destes convenios, é o propio alumnado quen ten que xestionar a existencia de facultades equivalentes nas universidades con convenio para realizar os seus estudos, así como a compatibilidade dos plans de estudos.

Por outra banda, o aumento da oferta académica de destinos é complicada, tendo en conta as limitacións dos nosos planos de estudos, que non contan con suficientes materias impartidas noutras linguas aparte da castelá e a galega, o que supón unha dificultade á hora de atopar universidades de destino que accedan a intercambios na contorna europea.

**1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.

- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
**COORDINACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL**

Polo que respecta aos mecanismos de coordinación horizontal e vertical, nestes últimos cursos continúa a se desenvolver o sistema de coordinación docente baseado nas coordinacións de título e de cursos. Nas dúas facultades que se imparte esta titulación existe unha persoa coordinadora do título e outra específica por cada curso. Entre os seus cometidos atópanse a acollida de novo alumnado, os encontros coas persoas delegadas de curso, as sesións de traballo co profesorado da titulación, a recollida de información para elaborar os informes de seguimento e das accións de mellora, a comprobación dos programas docentes (por exemplo, as guías docentes son un instrumento importante a analizar e revisar para a coordinación das materias e para o desenvolvemento da docencia), a comunicación periódica co alumnado, así como a distribución e análise dos cuestionarios de avaliación.

Polo xeral, as tarefas de coordinación veñen sendo valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de **satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G)**: a coordinación entre as distintas materias ou niveis do título acadou no curso 2022/2023 unha puntuación media de 4.28 sobre 5 nos dous centros, seguindo a tendencia dos últimos anos (4.22 no curso 2018/2019; 4.15 nos cursos 2019/2020 e 2020/2021, e 4.45 no curso 2021/2022. Na enquisa de **satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23)**, a coordinación dos docentes na organización do título valorouse así mesmo cun 3.59 no curso 2019/2020; 3.44 no curso 2020/2021, 3.69 no curso 2021/2022 e 3.59 no curso 2022/2023, manténdose a cifra nos diferentes anos. Malia que a coordinación entre as distintas materias ou niveis do título é un dos aspectos que adoita recibir unha valoración máis baixa por parte do profesorado nas enquisas de satisfacción, os resultados seguen sendo positivos e superan os 3 puntos.

Tendo isto en conta, para mellorar a coordinación do alumnado e a canalización de demandas, na FCE-Santiago xurdiu no ano 2019/2020 a idea de creación dun Plan de Acción Titorial, que se creou formalmente en 2020/2021, contando cunha boa acollida por parte do alumnado e iniciando o seu labor en 2021/2022.

Pola súa parte, na FFP-Lugo, para unha mellor distribución, delimitación e optimización de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), no curso 2019-20, elaborouse como acción de mellora por parte do equipo decanal e as coordinacións de título (coa colaboración das coordinacións de curso) un **documento marco** que concreta de xeito claro as funcións de cada tipo de coordinación, evitando duplicidades innecesarias e mellorando os procedementos. Este documento foi aprobado en xuntanza da Comisión de Título e da Comisión de Calidade o 14 de xullo de 2020. Durante o curso 22/23 o Documento Marco sufriu unha actualización dando lugar á segunda edición (Documento Marco 2ªed) que foi aprobada en xuntanza da Comisión de Calidade o 18 de xullo de 2023.

No curso 202-21 estableceuse unha acción de mellora relativa a este documento consistente na implementación dos documentos complementarios e directrices establecidas e o seguimento dos resultados obtidos. A acción executouse eficazmente e as tarefas protocolizáronse a partir do curso 2021-2022. Dese xeito, as persoas que exercen a coordinación de curso xestionan a realización da enquisa de coordinación de materias do curso ao alumnado, ben presencialmente ou ben por medio do campus virtual. Estas enquisas proporcionan datos sobre cuestións relativas á marcha do semestre ou curso, tales como a coordinación entre docentes que comparten materias, posibles solapamentos de contidos entre materias, os horarios lectivos, o número de traballos do semestre ou curso, a carga de traballo autónomo do alumnado etc. As persoas que coordinan inclúen os datos das enquisas no seus informes finais da marcha do curso, trasladados á persoa que coordina o título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título como pola Comisión de Calidade, como fontes de datos para identificar calquera aspecto problemático e propoñer as oportunas accións de mellora, polo que son ferramentas útiles que continuarán a empregarse cos axustes que sexan precisos. Así mesmo, a coordinadora de título proporciona información Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das competencias da Xunta, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro.

En liñas xerais, no curso 22/23 o alumnado atópase maiormente satisfeito ou moi satisfeito na maioría dos ítems das enquisas de coordinación dos cursos tanto do Grao de Primaria como do Dobre Grao. Identifícase menor satisfacción en relación ao número de traballos e carga de traballo autónomo e aos horarios. En primeiro lugar, como mecanismo para revisar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre, na FFP-Lugo abriuse unha acción de mellora (AM-MP-01) de forma que as coordinadoras de curso puxeron a disposición do profesorado de cada curso e semestre unhas táboas-calendario de edición conxunta para a titulación de Primaria como para a dobre titulación. Estas estiveron dispoñibles a través das aulas virtuais de coordinación, onde o persoal docente tivo ocasión de sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Deste xeito, o profesorado pode obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado, que permita unha mellor toma de decisións en relación aos axustes de prazos que poidan considerarse oportunos. Esta medida foi executada por primeira vez no curso 2021-2022 e volveu a poñerse en marcha no curso 22-23. Durante o 22-23 os calendarios foron cubertos para a maioría das materias, aumentando o grao de participación. Debido a información de utilidade que proporciona esta ferramenta, esta acción de mellora protocolízase para vindeiros cursos. En segundo lugar, en relación aos horarios, indica que existen múltiples casuísticas que dificultan unha distribución das horas lectivas máis adecuada ás preferencias do alumnado, como falta de espazos na Facultade, alta proporción de profesorado asociado, ou a falta de representantes do alumnado en Xunta de Facultade.

Por outra banda, na recollida de datos sobre as enquisas de satisfacción de coordinación, identificáronse cursos onde non se rexistraron moi poucas ou ningunha resposta por parte do alumnado. Por isto, espérase que a cantidade de respostas recollidas mellore o próximo curso 23-24 instando ao profesorado a que ceda uns minutos das súas sesións para que poidan cubrir esta enquisa, e recomendando que as coordinadoras acudan presencialmente a unha destas sesións para favorecer o número de respostas, así como informando ao alumnado solicitando participación. Este procedemento está enmarcado na acción de mellora aberta AM07 para o próximo curso 23/24.

Por outra banda, no curso 2022-2023 continúanse a levar a cabo, de xeito protocolizado, tarefas encamiñadas cara á mellora da coordinación docente en materias compartidas, consistentes na recollida de incidencias e a comunicación aos departamentos responsables. Na FFP-Lugo, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións especifica, entre as responsabilidades da persoa coordinadora de materia, velar pola coordinación da mesma a nivel de contidos, sistema de avaliación e actividades programadas (charlas, traballos…), así como garantir a homoxeneización na programación e a coordinación na impartición da materia. Correspóndelle, polo tanto, en primeira instancia á persoa que coordina a materia asegurar a coordinación docente en materias compartidas. Por outra banda, as enquisas de satisfacción do alumnado coa coordinación de materias de cada semestre, que forman así mesmo parte do Documento Marco de Funcións das Coordinacións, contemplan ítems específicos para identificar problemas de coordinación docente en materias compartidas. As enquisas administráronse no curso 22-23, e os datos recollidos polas persoas que coordinan os diferentes cursos trasladáronse a coordinadora de título para ser empregados, tanto pola Comisión de Título (que fai o seguimento da coordinación de acordo co Proceso PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, do Manual de procesos da FFP, para o informe anual de seguimento) como pola Comisión de Calidade, para identificar posibles problemas e propoñer as oportunas accións de mellora. Así mesmo, infórmase á Xunta de Facultade sobre os datos obtidos, posto que unha das súas competencias, de acordo co Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP, é a coordinación e supervisión da actividade docente do centro. No curso 2022-2023 non se detectaron incidencias relativas á coordinación entre docentes de materias compartidas na FFP, polo que non foi preciso trasladalas aos departamentos.

**COORDINACIÓN INTERCENTROS**

Ao tratarse dun título impartido en dous centros e campus diferentes, por recomendación da ACSUG, constituíuse unha Comisión de Coordinación Intercentros, cuxas competencias se estenden tanto ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria como ao Grao en Mestre/a de Educación Infantil. No curso 2016-17, esta comisión foi redeseñada para modificar a súa composición, delimitar as súas funcións e establecer o procedemento para o seu funcionamento, así como a periodicidade

das súas reunións.

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas prácticas e mecanismos de funcionamento entre os campus de Santiago e Lugo. A Comisión Intercentros reúnese para determinar as quendas de rotación de presidente/a e secretario/a, debater e aprobar os Informes anuais de seguimento dos títulos e atender a diversas cuestións derivadas do desenvolvemento dos plans de estudos dos dous Graos, intercambiando información e debatendo sobre asuntos como a incorporación do alumnado, o profesorado, o desenvolvemento do Prácticum etc.

Dese xeito, no curso 2019-2020, a Comisión Intercentros reuniuse para analizar e aprobar os Informes anuais de seguimento (2018-2019) dos dous títulos e, no curso 2020-21, analizou e aprobou os Informes de Seguimento do curso 2019-2020 dos dous Títulos e o Protocolo Intercentros do Prácticum dos Graos en Mestre/a de Educación Primaira e Mestre/a de Educación Infantil. No curso 2021-22 a Comisión Intercentros reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 11 de febreiro de 2022: estudo do plan de traballo para a elaboración dos informes de renovación da acreditación.
- 17 de marzo de 2022: presentación dos Informes de renovación da acreditación: Grao de Mestre/a en Educación Primaria e Grao de Mestre/a en Educación Infantil; presentación da evolución do Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria; aprobación dos Informes de renovación de acreditación: Grao de Mestre/a en Educación Primaria e Grao de Mestre/a en Educación Infantil.
- 11 de xullo de 2022: aprobación da actualización do punto 13.2 do Protocolo Intercentros do Prácticum dos graos en Mestre ou Mestra de Educación Infantil e de Educación Primaria no que se refire á FCE; análise e valoración da visita para a renovación da acreditación dos Graos de Mestre/a en Educación Primaria e Mestre/a Educación Infantil.

No curso 2022-23 a Comisión Intercentros reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 25 de outubro de 2022: aprobación das alegacións aos informes provisionais de avaliación da renovación da acreditación do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e das accións de mellora propostas.
- 23 de novembro de 2022: aprobación das declaracións de intencións para a modificación das memorias dos títulos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, para adaptalos ao RD 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela, aprobado en Consello de Goberno de 28 de outubro de 2022.
- 21 de decembro de 2022: aprobación da modificación da memoria do programa do dobre grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria.
- 27 de marzo de 2023: análise, reflexión e aprobación dos informes de seguimento dos Graos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, e análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.
- 9 de maio de 2023: aprobación da modificación do Protocolo Intercentros do Prácticum

É conveniente salientar que a xeneralización do uso de ferramentas virtuais para a comunicación (concretamente Teams) por mor da situación de confinamento derivada da Covid-19 favoreceu a convocatoria de reunións informais de traballo intercentros para abordar temas relativos á calidade (elaboración dos informes de seguimento, debate sobre asuntos relacionados coa memoria de calidade etc.), o cal contribúe a unha mellor coordinación entre os centros de Lugo e Santiago e repercute positivamente nos propios procesos de calidade.

**COORDINACIÓN PRÁCTICUM E TFG**

O Prácticum (prácticas externas), cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada, supón un eixo fundamental da titulación do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e un dos seus compoñentes máis importantes para a capacitación profesional dos/as estudantes. Na 1ª edición do título distribúese en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), mentres que na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) se distribúe en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre).

Os dous centros (FCE-Santiago e FFP-Lugo) contan cunha coordinación xeral do Prácticum para os dous graos en Mestre/a de Educación Primaria e de Mestre/a de Educación Infantil (cun recoñecemento por horas docentes equivalentes de 90 horas no curso 2021/2022). Así mesmo, cada centro conta cunha persoa que coordina o Prácticum do grao de Primaria, coa que colaboran aqueloutras coordinadoras de cada unha das materias que o compoñen (cun recoñecemento por horas docentes equivalentes de 5 horas). Este organigrama, que só pode manterse grazas a un grande esforzo, implicación e compromiso do profesorado, responde á complexidade que supón a organización das prácticas externas e á súa importancia como elemento formativo da titulación.

Para dar cumprimento a Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, a partir do curso 2016/2017 os estudantes do título que queiran matricularse en materias de Prácticum deben achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e presentala xunto coa matrícula. Nas páxinas web dos dous centros ofrécese información complementaria para o desenvolvemento das prácticas externas: programa, centros ofertados, asignación de prazas e distribución do alumnado, etc.

Finalmente, destacar que para facilitar o desenvolvemento do Prácticum se asinan convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas. Ao inicio de cada curso académico organízanse reunións informativas para explicar o proceso de elección dos centros de prácticas.

Na FFP-Lugo, tendo constatado que a Área de Calidade non proporciona datos concretos sobre a satisfacción coa coordinación do Prácticum, desde a coordinacion xeral do Prácticum administranse enquisas propias ao alumnado para coñecer o seu grao de satisfacción, tanto coa coordinación xeral coma co traballo das persoas que exercen a supervisión académica e o persoal titor dos centros. No curso 2022-23, arredor do 90% do alumnado dos dous graos (Primaria e Infantil) amosouse bastante ou moi satisfeito coas diferentes figuras participantes no Prácticum I e II, incluíndo a coordinación xeral.

- Enquisas con VALORACIÓN DO PRÁCTICUM I 22/23
- Enquisas con VALORACIÓN DO PRÁCTICUM II 22/23

No que atinxe ao Traballo Fin de Grao (TFG) cómpre sinalar que a tarefa da súa coordinación goza dun escaso recoñecemento académico (20 HDE) e require dun grande esforzo, dado o elevado número de traballos presentados e o reducido número de docentes cos/coas que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación. Na FCE-Santiago estas tarefas de coordinación do TFG recaen no vicedecanato de organización académica, responsable do labor inicial de coordinación e, unha vez feitas as asignacións por esta, nas persoas que titorizan os traballos e que se coordinan con reunións conxuntas. Pola súa parte, na FFP-Lugo existe a figura de Coordinador/a dos TFG da titulación. Deste xeito obtense unha coordinación fluída e eficaz en ambos os dous centros nos que se imparte a titulación.

**MODALIDADES DE ENSINO**

De maneira xeral, o título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non é necesario a coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Porén, sinalar que esa presencialidade retomouse completamente no curso 2021/2022, posto que en 2019/2020 fora completamente virtual desde o mes de marzo por cuestión sobrevidas e en

2020/2021 optouse por unha docencia semipresencial como continuidade da situación sanitaria. Así, a exención de docencia para o alumnado, concedida só para as clases expositivas (agás que o programa da materia contemplase outras situacións) e cando se acreditase debidamente unha serie de situacións (solapamento de horarios con outras materias da titulación; simultaneidade de estudos oficiais; conciliación da vida familiar e persoa ou ocupación profesional) quedou sen efectos no curso 2021/2022, de maneira que no curso ao que se refire este Autoinforme de seguimento, curso 2022/2023, tampouco tivo efectos.

Pola súa parte, cómpre ter en conta a posibilidade de obter dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias (ver apartado 1.5 deste Informe).

**1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**PERFIL DE INGRESO**

Polo que concirne aos requisitos de acceso e criterios de admisión, a Memoria verificada do título indica que non hai modalidades de Bacharelato preferentes para esta titulación, e que a selección do alumnado de novo ingreso rexerase pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, a que regula os procedementos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos/as estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á Universidade. Sinala, tamén, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais.

En canto ao **perfil do alumnado de novo ingreso**, no Grao en Mestre/a de Educación Primaria é maioritario o dos/as estudantes que tiveron que superar as probas de acceso á Universidade (no curso 2022/2023, 107 persoas matriculadas na FCE-Santiago e 75 na FFP-Lugo) fronte as que tiveron acceso por Formación Profesional (7 na FCE-Santiago e 17 da FFP-Lugo). Ademais tamén teñen a posibilidade de cursar os estudos de Mestre/a de Educación Primaria aquelas persoas en posesión dun título académico ou profesional, alumnado procedente de universidades estranxeiras ou persoas maiores de 40 anos. No curso 2022/2023 matriculouse 1 titulado universitario na FCE-Santiago e 4 na FFP-Lugo; 1 alumno/a maior de 45 anos no centro compostelán; 2 deportistas de alto nivel en Santiago e 1 en Lugo, e 1 persoa con discapacidade no centro compostelán. Cabe destacar que no histórico de datos esta acostuma ser a tendencia sen grandes variacións ano tras ano, agás por aquelas derivadas da redución do número de prazas que xa se informou en anteriores apartados.

En síntese, non se observan disonancias entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada. Os requisitos de acceso e criterios de admisión recollidos na memoria verificada estanse a cumprir.

**COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN**

A memoria do título non contempla complementos de formación para a nivelación dos e das estudantes.

**1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A USC conta cunha ampla normativa (https://www.usc.es/es/normativa/Alumnado/index.html) relacionada cos/as estudantes e a calidade da docencia cuxa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. Sinálase, a este respecto, a normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES; a normativa de permanencia; o regulamento de intercambios interuniversitarios de estudantes; a normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio; a normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións; o regulamento de prácticas académicas externas; a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES; o acordo sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao; o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster; o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM; a instrución sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias e o regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado. A este respecto, o alumnado é informado a principio de curso, na xornada de benvida, das distintas normativas coas que debe estar familiarizado ao iniciar os estudos.

A aplicación destas normativas estanse a desenvolver sen problemas e cos resultados previstos. Así, por exemplo, estanse a cumprir os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula, o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos/as estudantes e de revisión das cualificacións, na USC existe un apoio titorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-titor e o alumno (publicado en DOG nº 87, luns, 8 de maio de 2017). A súa finalidade consiste en axudar os/as estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos ou tres materias (exclúese do cómputo o Traballo Fin de Grao e o Prácticum), e que esgotasen polo menos dúas convocatorias en cada unha delas.

Polo que respecta aos resultados acadados polos/as estudantes, estes avalan o desenvolvemento satisfactorio das normativas anteriormente mencionadas. A **taxa de éxito (IN35G)** (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou) foi dun 96.73 no curso 2022/2023 a nivel Intercampus, mantendo a tendencia dos últimos cursos (95.61 no curso 2018/2019; 97.74 en 2019/2020; 97.43 en 2020/2021 e 96.89 no curso 2021-2022). Tamén é importante ter en conta a **taxa de idoneidade na graduación (IN51G)**, que recolle a relación porcentual entre os/as estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Esta taxa, que amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, acadou no curso 2021-2022 a súa puntuación máis alta nos últimos anos cun dato Intercampus de 72.47 (77.59 na FCE-Santiago; 62.9 na FFP), superando o 64.73 do 2018/2019; o 65.78 de 2019/2020; o 78.50 de 2020/2021 e o 79.74 do curso 2021/2022). E, por último, **a taxa de eficiencia (IN53G)** (rendemento dos/as egresados/as) foi dun 97.1 (97.01% na FCE-Santiago e 97.32% na FFP-Lugo), o que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un/ha estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou. Este indicador tense mantido constante ao longo dos diferentes cursos cunha pequena variabilidade (95.58 en 2018/2019; 95.41 en 2019/2020; 95.62% en 2021/2022 e 96.98 en total no curso 2022/2023). De xeito xeral, a **duración media dos estudos (IN38G)**, que tamén amosa información sobre o grao de eficiencia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica, foi de 4.2 anos a nivel Intercampus en 2022/2023, na liña mantida nos últimos cursos (4.24 en 2018/2019; 4.3 en 2019/2020; 4.35 en 2020/2021 e 4.19 en 2021/2022).

Con respecto ao regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM, cómpre sinalar que o elevado número de traballos que se presentan e o limitado número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación esixiron un cambio da normativa da USC, que se materializou nun novo "Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na Universidade de Santiago de Compostela", aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016. Ao abeiro deste regulamento os TFG dos centros cunha elevada ratio de alumnado por docente poden solicitar unha avaliación alternativa. Para a titulación en Grao en Mestre de Educación Primaria concedeuse, por parte da vicerreitoría correspondente, que os TFG poidan ser defendidos ben ante un tribunal ou ben ante o PDI que o titoriza. Esta medida iniciouse no curso 2016-2017 e mantense no curso 2022/2023.

En canto á Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36.

En liñas xerais, tanto na FCE de Santiago de Compostela como na FFP-Lugo, no curso 2022/2023 desenvolvéronse segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria.

No que concirne ás prácticas externas e aos Traballos de Fin de Grao, cómpre salientar que as circunstancias excepcionais derivadas da pandemia nestes últimos cursos non supuxeron trabas no desenvolvemento das diferentes normativas cos axustes oportunos e tampouco afectaron ás estadías do alumnado, tal como amosa a **porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións (IN22G)** que, no curso 2022/2023, foi dun total de 95.31 (99.2% na FCE-Santiago; 88.06% na FFP-Lugo), seguindo a tendencia dos últimos anos (92.44 en 2018/2019; 90.08 en 2019/2020 e 92.02% en 2020/2021 e 91.5 en 2021/2022).

Polo que respecta ás prácticas externas, as coordinadoras xerais do Prácticum das dúas facultades traballaron conxuntamente para actualizar o Protocolo Intercentros do Prácticum. Ademais, na FFP-Lugo, o Plan Xeral do Prácticum foi adaptado tendo en conta os novos plans de estudo dos Graos.

Finalmente, polo que concirne á instrución sobre dispensa de asistencia, esta ten en conta que, segundo o artigo 33.g) dos Estatutos da USC, o alumnado ten dereito a “unha atención e deseño das actividades académicas que faciliten a conciliación dos estudos coa vida persoal, familiar e laboral”. Ao mesmo tempo, segundo recolle o artigo 130.2, tamén ten o deber da “asistencia e participación naquelas actividades formativas que se establezan como obrigatorias na programación docente”.

Aínda que o réxime de matrícula a tempo parcial constitúe un instrumento útil para a conciliación dos diferentes eidos da vida do estudantado, para os casos onde o problema non se pode resolver deste xeito a Secretaría Xeral da USC ditou a Instrución nº 1/2017 que regula o procedemento sobre a dispensa da asistencia a clase en determinadas circunstancias.

Para poder atender debidamente ao alumnado ao que lle fose concedida esta dispensa, os programas docentes contemplan de xeito explícito a incidencia da asistencia a clase no sistema global de avaliación. Tal e como se recolle na Instrución sinalada, para situacións excepcionais nas que non exista outra alternativa para cursar estudos e nas que se acredite enfermidade grave ou tratamentos médicos inaprazables, estar ao cargo de persoas dependentes ata o segundo grao de consanguinidade, sufrir un caso de acoso ou estar de alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social (sempre que non se poida acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial), valorarase a concesión dunha dispensa académica. Os programas das materias tamén indican os procedementos necesarios para que o alumnado con dispensa de asistir a clase poida acadar as mesmas competencias que se recibise docencia presencial. As persoas que coordinan os diferentes cursos, no proceso de revisión de programas, supervisan anualmente que as programacións das materias contemplen explicitamente o tratamento do alumnado con dispensa.

Con carácter xeral, a concesión da dispensa da asistencia pode verse limitada para materias cun contido fundamentalmente práctico, como son as materias de Prácticum. A dispensa á clase concédese só para a docencia expositiva (agás que o programa da materia contemple outras situacións). Para solicitar a dispensa da asistencia a clase, o alumnado debe acreditar documentalmente atoparse nalgunha das causas que especifica a devandita instrución, e o centro só poderá concedela tendo en conta o criterio de excepcionalidade, é dicir, a falta doutra alternativa para cursar os estudos.

Proporciónanse a continuación os datos dispoñibles sobre as dispensas solicitadas e concedidas nos dous últimos cursos (2021/2022 e 2022/2023) en aplicación da instrución correspondente, facilitados polas respectivas secretarías de dirección dos centros. Así, na FCE-Santiago, no curso 2021/2022, foron concedidas 26 dispensas, tanto para o primeiro coma para o segundo cuadrimestre e no curso 2022/2023 foron concedidas 18 para o primeiro semestre no Grao en Mestre/a de

Educación Primaria e 3 no Dobre Grao/Simultaneidade de estudos e 15 para o segundo semestre no Grao en Mestre/a e 7 no Dobre Grao/Simultaneidade de Estudos e, por causas sobrevidas, 4 alumnos/as do Grao en Mestre/a de Primaria no primeiro semestre. Pola súa parte, na FFP-Lugo, no curso 2021/2022 foron concedidas 27 dispensas para o Grao de Mestre/a de Educación Primaria, 27 dispensas para o Curso Ponte de Primaria e 3 para o Dobre Grao. No curso 2022/2023 foron concedidas 25 dispensas para Primaria, 3 para o Curso Ponte de Primaria, e 2 para o Dobre Grao.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**
Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información sobre o título é pública e accesible para todos os grupos de interese. Á parte da información procedente dos servizos centrais da USC, cada unha das Facultades que imparten o título mantén información concreta e actualizada sobre o seu desenvolvemento, tanto no que se refire ás características do programa formativo como á documentación relativa á memoria verificada e sistema de calidade. Así, por exemplo, nas páxinas web dos dous centros, FCE-Santiago e FFP-Lugo, pódese consultar tanto a Memoria de verificación como a organización dos cursos e os programas das materias, o que demostra unha accesibilidade á información suficiente e obxectiva para dar conta dos estudos ofertados e as características do título. Tamén se amosa información específica sobre os programas de mobilidade (convocatorias, resolucións etc.), o Traballo Fin de Grao (programa, calendario, asignación de persoal titor etc.), e as Prácticas externas (centros ofertados, distribución alumnado, formularios etc.). Estas informacións permiten analizar os resultados acadados e medir a calidade do título. Con todo, convén sinalar que a páxina Web da USC modificouse no curso 2020/2021. Este cambio implicou que o acceso á información enlazada desde: informes de seguimento dos títulos, informes de renovación de acreditación dos títulos e memorias de calidade do centro do curso 2019-20 e anteriores ten que realizarse dende a rede interna da USC e a través deste enlace localizado na Aplicación de Calidade (AASX): https://aplicacions.usc.es/aasx/web/documentosServicios/documentoServicio.htm?accion=edita&id=14367).

Non están dispoñibles datos sobre a **satisfacción dos egresados** desta titulación **coa información pública dispoñible (IN23G)** desde o curso 2019/2020. Porén, os datos de cursos anteriores (3.48 en 2016/2017; 3.53 en 2017/2018 e 3.12 en 2018/2019) amosan que esta se mantén en cifras superiores a 3 puntos sobre 5. Se se atende aos dous centros por separado pódese observar que na FCE-Santiago este grao de satisfacción descendeu lixeiramente de 3.52 en 2016/2017, 3.43 en 2017/2018 a 2.95 en 2018/2019, mentres que na FFP-Lugo se mantiveron as cifras superando os 3 puntos sobre 5 (3.4 en 2016/2017, 3.65 en 2017/2018 a 3.23 en 2018/2019). Pola súa parte, tampouco hai información dispoñible para o **Dobre Grao** en relación coa **satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G).**

Con respecto á información dispoñible sobre o título, na enquisa de **satisfacción do PDI coa titulación (INF.23)** este ítem mereceu unha valoración positiva nos últimos cursos, outorgándose de media nos dous campus no curso 2019/2020 de 4.09 puntos sobre 5; en 2020/2021 de 4.00, no 2021/2022 de 4.20 puntos e 3.93 en 2022/2023. Así mesmo, na enquisa de **satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22)**, a información dispoñible sobre o título valorouse de media cun 3.06 no curso 2019/2020; 3.31 en 2020/2021; 3.13 en 2021/2022 e 3.27 no curso 2022/2023, a segunda cifra máis alta na serie histórica contemplada. Polo que respecta ao alumnado egresado, a súa **satisfacción coa información dispoñible sobre a Facultade (INF.09)**.mantívose ao redor de 3 puntos sobre 5 entre os cursos 2015-16 e 2018-19, pero a partir do curso 2019-20 a enquisa a este alumnado deixou de incluír este ítem.

A satisfacción xeral destes grupos de interese mantense, en calquera caso, en valores positivos, aínda que cómpre continuar a traballar na súa mellora.

**DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:**

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.**

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio nos dous centros que imparten o título, xa que teñen desenvolvido os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Sistema de Garantía de Calidade e a Comisión de Coordinación Intercentros. Nas páxinas web das dúas facultades ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade onde aparece reflectida toda a información relativa a mesma: manuais do Sistema de Garantía de Calidade, informes de seguimento, memorias de calidade e informes de renovación da acreditación dos títulos, actas de reunións etc.

No SGC distínguense dúas comisións, que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e pola persoa Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento) e, cando sexa necesario, formular unha proposta de modificación ou suspensión do grao. O Regulamento das titulacións oficiais de Grao e Mestrado na USC, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017, establece unha nova regulamentación dos órganos académicos das titulacións de grao e mestrado (comisión de título e coordinador/a) xa en vigor no curso 2017-18.

Por outro lado, cóntase coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte, que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento; e elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

A FCE-Santiago, a través do seu **Sistema de Garantía de Calidade** , busca a mellora continua do centro para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a FCE-Santiago elabora a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos no seu **Plan estratéxico** (aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021), dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro tivo unha implantación progresiva e, nos últimos anos, foi sometido a unha análise exhaustiva. A última revisión do **Manual do Sistema de Garantía de Calidade**, a 4ª, foi aprobada pola Comisión

de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021. O **Manual de Procesos** tamén foi revisado e actualizado durante o meses de novembro e decembro de 2021 e aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 21 de decembro de 2021. Como se indica anteriormente, o centro dispón do Plan estratéxico ponte (2020-22), aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

Polo que concirne á **Facultade de Formación do Profesorado**, a Política de Calidade **da FFP**, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, faise pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Así mesmo, no curso 2016-17 foi informado favorablemente o Plan Estratéxico da Facultade 2016-20. No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

As condicións derivadas da pandemia motivaron que no curso 2019-20 se procedese a prorrogar o Plan ata o 2022. A actual prórroga (Plan estratéxico 2016-22) mantén a estrutura e os fundamentos do Plan no que se basea pero perfílase a análise DAFO, o que deriva nunha lixeira ampliación de accións estratéxicas, e estase actualmente a traballar no Plan Estratéxico para o período 2024-2026. En canto ao Manual do Sistema de Garantía de Calidade, este foi así mesmo obxecto de sucesivas revisións froito da súa análise. A última revisión, a 6ª, foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 27 de marzo de 2023.

O SGC dispón de procedementos e mecanismos que permiten recoller e analizar, de xeito continuo, a información e os resultados relevantes, especialmente no que respecta aos resultados da aprendizaxe e ao grao de satisfacción dos distintos grupos de interese o que permite o logro dunha xestión eficaz e eficiente do título. Neste sentido, o SGC conta cun procedemento específico, a nivel institucional para recoller a satisfacción dos diferentes colectivos. A USC aplica periodicamente as enquisas segundo a planificación de cada curso académico (enquisas a alumnado, enquisas a profesorado, enquisas a PAS, enquisas a persoas egresadas, enquisas a empresas que reciben alumnado en prácticas, etc.). As respostas a estas enquisas e o resto de indicadores que elabora a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC son empregados pola Comisión do Título e pola Comisión de Calidade do centro para a revisión e mellora do programa formativo. A recollida e análise dos resultados atende especificado no Manual de procesos, actuando as coordinadoras de curso, a coordinadora de título e as distintas comisións implicadas, de modo especial a Comisión do título e a Comisión de Calidade do centro. Pódese observar este seguimento a través das evidencias das actas de reunións e distintos informes elaborados onde quedan recollidas as distintas debilidades e ameazas atopadas á hora da implantación e seguimento do título, así como as propostas de accións de mellora levadas a cabo.

Na FFP-Lugo cóntase, ademais, dende o curso 2020-21 cunha enquisa propia de satisfacción do alumnado coa coordinación de cada curso establecida no Documento Marco de Funcións das coordinacións, a cal recolle aspectos relativos a espazos, horarios, coordinación docente en materias compartidas, carga de traballo do semestre, solapamento de contidos entre materias etc., e existe tamén unha enquisa específica sobre o desenvolvemento do Prácticum na que o alumnado valora os labores desenvolvidos pola coordinación do Prácticum, o profesorado supervisor da Facultade, o profesorado titor dos centros e a súa propia actuación no período de prácticas. Estas enquisas proporcionan datos útiles para os procesos de avaliación e mellora do título.

Tanto a Comisión de título como a Comisión de Calidade dos centros realizan reunións periódicas co obxectivo de coordinar e planificar a docencia acorde coas directrices das memorias dos títulos. Tamén se levan a cabo reunións de coordinación por curso, a través dos distintos coordinadores que fan chegar as súas suxestións e inquietudes a/o coordinador de título.

Na FCE-Santiago, nos cursos 2021/2022 e 2022/2023, a Comisión do Título de Primaria reuniuse nas datas que seguen e abordou a cuestións que se enuncian a continuación:

- 10 marzo 2022: aprobación das actas anteriores, informe da coordinación e aprobación do Autoinforme de Acreditación do Título de Mestre/a de Educación Primaria (2020/2021).
- 25 maio 2022: aprobación dos programas; informe da coordinación; aprobación dos programas da materias para o curso 2022/2023.
- 24 outubro 2022: aprobación das alegacións ao Informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación.
- 3 novembro 2022: presentación do novo equipo decanal; consulta aos coordinadores de título e curso para a mellora e análise de dificultades e proposta de organización de xornadas de innovación.
- 23 febreiro 2023: presentación da declaraciónde intencións para a modificación substancial da Memoria do Grao de Mestra/a Primaria e o Grao de Mestre/a Infantil.
- 21 marzo 2023: aprobación das actas anteriores; informe da coordinación; aprobación do Autoinforme de seguimento 2021/2021 do Grao Mestre/a de Educación Primaria.

En canto á Comisión de Calidade da FCE-Santiago, esta reuniuse no curso 2021/2022 nas datas que se relacionan:

- 22 de novembro de 2021. Proceso de acreditación institucional.
- 17 de decembro de 2021. Aprobación do Plan de Acción Titorial do Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitarioe do Plan de Acción Titorial do Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas e aprobación do Manual de Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación.
- 16 de marzo de 2022. Presentación dos informes de seguimento dos Máster e dos informes de renovación da acreditación dos Graos, presentación da evolución do Dobre Grao en Menstre de Educación Infantil e Primaria e do Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria e, aprobación dos informes de seguimento e renovación de acreditación.
- 29 de abril de 2022. Presentación e aprobación da Memoria de Calidade 2020-21
- 19 de xullo de 2022. Proceso PC-02 Planificación das ensinanzas: análise das accións vinculadas coa programación docente anual (PDA), calendario de exames e horarios das titulacións, programación das materias e informe fondos bibliográficos e outros recursos de cada título; proceso PC-03 Apoio a estudantes: análise da pilotaxe do PAT de cada título; proceso PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas: revisión de accións realizadas en relación á coordinación da actividade docente, xestión das prácticas externas, xestión da mobilidade, e asignación e realización do Traballo Fin de Grao/Traballo Fin de Mestrado; proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas: revisión da oferta de formación para PDI e PAS; proceso PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos: valoración da xestión dos recursos materiais e dos servizos; proceso PS-05 Xestión das incidencias (SQR): análise das incidencias detectadas; análise da proposta para a formación do alumnado en Competencias Informacionais; Formación específica realizada pola Biblioteca para o alumnado da facultade. Resultados curso 2021-22 e nova proposta curso 2022-23; Análise do informe de abandono potencial: Grao en Pedagoxía, Grao en Mestre en Educación Primaria, Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario e Máster Universitario en Procesos de Formación.

No curso 2022/2023, a Comisión de Calidade da FCE-Santiago, reuniuse nas datas que seguen:

- 16 de setembro de 2022: Aprobación da acta dunha xuntanza anterior;informe da responsable de calidade do centro; presentación do plan de formación: competencias informacionais.
- 14 de novembro de 2022: Presentación das propostas e modificacións de memorias de grao e máster. Declaración de intencións.
- 24 de outubro de 2022. Aprobación do informe de alegacións ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación dos títulos de grao da facultade.
- 22 de novembro de 2022. Presentación e aprobación da proposta inicial de declaración de intencións dos

diferentes títulos.

- 20 de decembro de 2022. Presentación e aprobación da proposta definitiva de declaración de intencións dos diferentes títulos.
- 12 de xaneiro de 2023. Informe Final de Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade. Resposta da facultade, Informe definitivo de renovación da acreditación dos títulos de grao, Execución das accións /PAT: seguimento e evidencias das actividades realizadas en cada un dos títulos da facultade. Sistematizar o Programa de orientación laboral para o último curso. Revisión da eficacia das accións, Mecanismos para a coordinación da actividade docente, Formación do persoal académico. Propostas das Comisións de Título, Formación do persoal de administración e servizos, Accións de Mellora da facultade: Memoria 2020-21 e Memoria 2021-22 e convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de Grao e Máster.
- 1 de febreiro de 2023: Aprobación das actas anteriores (extraordinaria 14 novembro 2022 e reunión 16 setembro 2022); revisión do borrador da Guía para a coordinación docente; rolda aberta de intervencións.
- 9 de febreiro de 2023:Aprobación da acta da reunión do 1 de febreiro de 2023; inicio do proceso PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas. Realización dos Autoinformes de seguimento; rolda aberta de intervencións.
- 27 de marzo de 2023. Aprobación informes de seguimento.
- 9 de xullo de 2023: Aprobación da acta da reunión do día 6 de febreiro de 2023; Propostas para o Plan de Formación a Demanda da facultade 2023-24 (Presentan as coordinacións de título); Proposta para a planificación da formación en competencias informacionais para o alumnado do centro (Presenta a Responsable de Calidade do Centro); Proposta para a organización da Xornada de benvida (Presenta a Responsable de Calidade do Centro); Rolda aberta de intervencións.

As Actas das Comisións de Título e de Calidade da FCE-Santiago recóllense tamén na listaxe de evidencias e indicadores (E5).

Pola súa parte, na FFP-Lugo, durante o curso 2021/2022, a Comisión do Título de Primaria reuniuse así mesmo de xeito conxunto coa Comisión do Título de Infantil na data que segue, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 15 de abril de 2022: revisión e análise do Informe de renovación da acreditación (curso 2020/2021) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil; revisión e análise do Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria; análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.

En canto á Comisión de Calidade, na FFP-Lugo, esta reuniuse no curso 2021/2022 nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os seguintes temas:

- 22 de decembro de 2021: informe sobre a auditoría interna para a acreditación institucional; informe das coordinacións de título do grao en mestre/a de Educación Infantil e mestre/a do grado en Educación Primaria sobre a marcha do curso no primeiro semestre; informe sobre as vacantes a cubrir nas Comisións da Xunta de Facultade, coordinacións de curso e TFG; análise do informe de execución do Plan FORTE no curso 2020-21.
- 11 de xaneiro de 2022: análise dos informes de seguimento do curso 2019-20: revisión das acción abertas (curso 2020-21) e proposta de accións (novas e de continuidade) para o curso 2021-22.
- 3 de febreiro de 2022: aprobación, se procede, da proposta de cobertura das coordinacións de curso baleiras no curso 2021-2022.
- 15 de marzo de 2022: análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede; análise e reflexión sobre Informe de renovación da acreditación (curso 2020-21) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede; análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao;

aprobación, se procede, do informe de seguemento (curso 2020-21) do Máster DAEN.

- 19 de maio de 2022: informe sobre abandono alumnado Graos e Máster da Facultade de Formación do Profesorado; aprobación, se procede, da ficha de revisión para os programas dos graos; aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade de Formación do Profesorado.
- 3 de xuño de 2022: aprobación, se procede, da modificación do SGC do centro no que respecta á composición da Comisión de Título do Máster DAEN.
- 22 de xullo de 2022: informe das Coordinacións de Título do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria sobre a marcha do curso 2021-2022; informe de execución do Plan FORTE no curso 2021-2022; valoración do proceso de renovación de acreditación dos títulos de grao e do informe oral preliminar.

Para o curso 2022/2023, na FFP-Lugo a Comisión do Título de Primaria reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Infantil na data que segue, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 20 de marzo de 2023: revisión e análise do Informe de seguimento (curso 2021-22) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil; revisión e análise do Informe de seguimento da acreditación (curso 2021-22) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria; análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.

No curso 2022-2023, a Comisión de Calidade da FFP reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 24 de outubro de 2022: aprobación das alegacións ao informe provisional de avaliación da renovación da acreditación do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e das accións de mellora propostas; aprobación das alegacións ao informe provisional de avaliación da renovación da acreditación do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e das accións de mellora propostas.
- 17 de novembro de 2022: aprobación da presentación do Plan Forte á IV Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de Calidade nos centros docentes da USC; aprobación da declaración de intencións para a modificación das memorias dos títulos de grao para adaptalos ao RD 822/2021; aprobación da declaración de intencións para a participación da Facultade de Formación do Profesorado no Máster Interuniversitario de Innovación Educativa; análise e reflexión das alegacións ao informes provisionais para a renovación da acreditación dos graos.
- 20 de marzo de 2023: revisión e análise do Informe de renovación da acreditación (curso 2021-22) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil; revisión e análise do Informe de renovación da acreditación (curso 2021-22) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria; análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao; e análise e toma de decisións sobre as queixas e reclamacións presentadas polo alumnado no curso anterior.
- 29 de marzo de 2023: aprobación do informe de seguimento (curso 2021-2022) do Máster DAEN.
- 25 de maio de 2023: análise, debate, reflexión e aprobación da Memoria de Calidade Curso 2021-22; análise e reflexión sobre o desenvolvemento da Fase II do Plan Forte; aprobación da edición dun libro sobre prácticas innovadoras e investigación nos graos e mestrados; aprobación da convocatoria de axudas a microproxectos de investigación dirixidos ao profesorado da Facultade de Formación do Profesorado; análise da posibilidade de que o alumnado realice prácticas no estranxeiro, de xeito que tamén se contribúa a aumentar a súa mobilidade; aprobación de axudas da Facultade para favorecer a mobilidade do estudantado; análise e reflexión sobre propostas de accións de formación e xestión de tempo para alumnado e profesorado.
- 31 de maio de 2023: Informe razoado positivo sobre o Máster Interuniversitario en Innovación Educativa.

As Actas das Comisións de Título e de Calidade da FFP-Lugo recóllense tamén na listaxe de evidencias e indicadores (E5)

Como xa se indicou a propósito do Criterio 1 (apartado 1.3), existe ademais unha Comisión de Coordinación Intercentros

que se reúne periodicamente para tratar aspectos comúns ao desenvolvemento e seguimento do título en ambos centros.

En canto aos procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza, a obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e cuestionarios. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados, profesores, estudantes, titores/as externos/as do Prácticum (mestres en activo) incluíndo ao persoal de apoio.

Na FFP-Lugo cóntase, ademais, desde o curso 2020-21 cunha enquisa propia de satisfacción do alumnado coa coordinación de cada curso establecida no Documento Marco de Funcións das coordinacións, que recolle aspectos relativos a espazos, horarios, coordinación docente en materias compartidas, carga de traballo do semestre, solapamento de contidos entre materias etc., así como unha enquisa específica sobre o desenvolvemento do Prácticum na que o alumnado valora os labores desenvolvidos pola coordinación do prácticum, o profesorado supervisor da Facultade, o profesorado titor dos centros e a súa propia actuación no período de prácticas. Estas enquisas proporcionan datos útiles para os procesos de avaliación e mellora do título.

Os indicadores dispoñibles (sobre os que se reflexiona nos apartados correspondentes deste informe dependendo da súa natureza) evidencian un axeitado desenvolvemento do sistema de garantía de calidade e a súa contribución ao seguimento e mellora continua da titulación. Así, a **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G)** de media Intercampus supera os 4 puntos sobre 5 nos últimos anos (3.93 en 2018/2019; 3.96, no ano 2019/2020, no que se modificou a enquisa pasada ao alumnado, 4.06 en 2020/2021, 4.13 en 2021/2022 e 4.15 no curso 2022/2023).

Polo que concirne ao **Dobre Grao**, a media de **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G)** nos cursos dispoñibles é igualmente positiva: 3,89 no curso 2018/2019, 3,99 no curso 2019/20, 4,14 no curso 2020/21, 4,12 no curso 2021/2022 e 4,02 no curso 2022/2023. (Fonte: 7000696_Panel de indicadores).

Pola súa banda, con respecto á **satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G**) esta sitúase en 4.28 no curso 2022/2023, o segundo dato máis alto na serie histórica (4.22 en 2018/2019; 4.15 en 2019/2020, 4.15 en 2020/2021 e 4,45 en 2021/2022). Cabe salientar que no curso 2019/2020 se incluíron cuestións vinculadas a docencia en remoto e se modificou a tipoloxía de instrumento **(INF. 14. Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida)**. Os ítems máis valorados globalmente en 2022/2023 son o de manter un correcto trato cos/coas estudantes (4.89 no curso 2022/2023 fronte 4.93 no curso 2021/2022); o de amosarse accesibilidade ao alumnado nas horas de clase e nas titorías (4.84 no curso 2022/2023 fronte ao 4.94 no curso 2021/2022) e o de informar axeitadamente ao alumnado dos criterios de avaliación da materia (4.84 no curso 2022/2023 fronte ao 4,88 do curso 2021/2022). Estes ítems coinciden cos mellores sinalados no curso 2018/2019, último dispoñible en **INF.14**. Os menos valorados son os que fan referencia á adecuada coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3.71 no curso 2022/2023 fronte 3.85 no curso 2021/2022); á adecuación do material e servizos de apoio para o desenvolvemento da materia (3.90 no curso 2022/2023 fronte 4.09 no curso 2021/2022) e á participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento das clases (3.88 no curso 2022/2023). Igual que sucede coa enquisa de satisfacción do alumnado, pódese observar que os ítems con menor puntuación non acadan niveis baixos.

A **satisfacción de alumnado coas prácticas externas (IN19G)** mantense igualmente en valores altos desde hai anos. A media Intercampus supera desde antes de 2018/2019 os 4 puntos sobre os 5 máximos na puntuación e no curso 2022/2023 presenta a cifra máis alta, 4.36 (4.29 na FCE-Santiago e 4.5 na FFP-Lugo). Con anterioridade as puntuacións foron 4.2 en 2018/2019 e 4.21 en 2020/2021, non estando dispoñibles datos para o curso 2019/2020, por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, e 2021/2022, aínda que neste último si se ten acceso ao dato da FCE-Santiago (4.61 sobre 5 puntos).

No caso da **titorización externa**, a media de satisfacción co programa de prácticas externas, é dicir, **satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas (IN20G)** foi de 4.39 na media Intercampus (4.38 na FCE-Santiago e 4.44 na FFP-Lugo), a cifra máis alta da serie histórica (con anterioridade, na media Intercampus, obtivéranse 4.31 no curso 2028/2019, non existindo datos para os cursos 2019/2020; 2020/2021 e 2021/2022, se ben si se facilita algunha información relacionada con cada un dos centros (4.8 no curso 2020/2021 e 4.37 no curso 2021/2022 na FCE-Santiago e 4.28 no curso 2021/2022 para a FFP-Lugo). En todo caso, a cifra supera os 4 puntos sobre 5 nos dous centros. Pola súa banda, a media de **satisfacción dos/as titores/as académicos/as coas prácticas externas (IN21G)** tamén é positiva, segundo os datos dispoñibles, superando os 4 puntos sobre a puntuación máxima de 5 (4.74 no curso 2018/2019 e 4.39 en 2020/2021, non existindo datos dispoñibles do curso 2019/2020 nin do curso 2022/2023 ao que se refire este Autoinforme de seguimiento).

Finalmente, en relación ao procedemento de suxestións e reclamacións, este desenvolveuse conforme ao establecido, tanto no marco dos centros, como no ámbito máis amplo da USC, a través da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR). Neste senso, cómpre sinalar que os centros reciben un reducido número de queixas e reclamacións formais. De acordo co proceso PS-05 sobre xestión de incidencias, os datos son analizados pola Comisión de Calidade do Centro e rexístranse nos informes de seguimento dos títulos correspondentes e na Memoria de Calidade. A seguir, sintetízanse as queixas e reclamacións recibidas.

Na FCE- Santiago, coa finalidade de aumentar a súa visibilidade, incluíuse, na páxina Web do centro, un documento que explica as distintas canles dispoñibles para presentar suxestións e reclamacións. O equipo decanal analiza e dá resposta a cada escrito recibido e, de acordo co procedemento PS-05 Xestión das incidencias, a Comisión de Calidade do centro analiza a relación de suxestións e reclamacións recibidas tanto a nivel interno, no propio centro, como externo, a través da OAR e elabora, con carácter anual, o correspondente Informe de Xestión de Incidencias, que se atopa na Aplicación de Axuda aos Sistemas de Xestión e na Intranet da facultade.

Na Facultade de Formación do Profesorado, o alumnado é informado das canles para facer suxestións, queixas ou reclamacións na xornada de acollida. O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen levado a cabo os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade do centro, que convertido nun órgano transversal, analiza regularmente a información e resultados dos títulos do centro.

En canto as queixas e reclamacións recibidas correspondentes á FFP-Lugo, tanto no Decanato como as rexistradas na Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), no curso 22-23, segundo a información facilitada pola OAR e a rexistrada en Decanato, identifícanse tres incidencias para o Grao Mestre/a de Educación Primaria e unha para o Dobre Grao:

**Alumnado de Educación Primaria**

- Unha alumna do Curso Ponte solicita unha reclamación/revisión do TFG. A reclamación foi denegada por non ter asistido a alumna á revisión dentro das dúas datas previstas por parte do tribunal.
- Unha alumna do Curso Ponte solicita a revisión da avaliación dunha materia con dispensa de asistencia a clase. A reclamación foi desestimada xa que non consta que os contidos das probas non se adecúen ao programa da materia, e foron facilitados á alumna os medios suficientes para superar a materia. Non quedando conforme, presenta recurso de alzada. O reitor resolve retrotaer as actuacións de forma que Decanato redacte novamente a resolución. Emítese un novo informe ratificando a resolución emitida con anterioridade.
- Un alumno presenta un escrito por un problema coa dispensa de asistencia a clase nunha materia. O programa da materia indica que todo o alumnado debe desenvolver integramente as clases interactivas. Non quedando conforme, presenta unha queixa ante o Valedor da Comunidade Universitaria. Decanato proporciona resposta ao Valedor a través dun informe.

**Alumnado de Dobre Grao.**

- Dúas alumnas presentan unha queixa relacionada coas condicións de finalización do Dobre Grao en relación ás materias optativas, que tamén presentan ante o SXOPRA. Chégase a conclusión de que as materias

optativas das mencións poderían ser ofertadas para os dous Graos. Permíteselles facer o depósito de título no Grao en Mestra de Primaria.

Péchase este apartado destacando que o grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio, xa que se teñen levado a cabo os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles, o funcionamento da Comisión de Calidade do centro, que convertido nun órgano transversal, analiza regularmente a información e resultados dos títulos do centro.

**3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A aplicación do Sistema de Garantía de Calidade e o traballo das Comisións de Calidade dos centros posibilitan o proceso de seguimento, modificación e acreditación do título, así como a mellora continua desde a súa implantación, ao ter establecidos os procedementos de recompilación e análise da información relevante, tanto cuantitativa (resultados académicos, das enquisas de satisfacción, inserción laboral, mobilidade etc.) como cualitativa (reunións mantidas co profesorado, coordinadores/as de curso e de grao, alumnado, profesorado titor de prácticas externas, coordinador/a de TFG etc.). Así, nos dous centros nos que se imparte o título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria búscase a mellora continua para garantir que os programas formativos dean resposta ás demandas de excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, tanto a FCE- Santiago como a FFP-Lugo elaboran a súa política en liña cos obxectivos estratéxicos definidos nos seus respectivos plans estratéxicos, dirixidos ao desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade, xa que ese é o elemento fundamental para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. Así, na FCE-Santiago o Plan estratéxico aprobouse pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021, mentres que na FFP-Lugo foi prorrogado polas circunstancias derivadas da pandemia e neste 2021/2022 mantense o Plan estratéxico 2016- 2022, ao que xa se fixo mención no apartado 3.1.)

As Comisións de Calidade dos centros velan polo cumprimento destes obxectivos facendo un seguimento das accións estratéxicas. Nas Memorias de Calidade dos centros recóllense as accións de mellora levadas a cabo e o seu grao de cumprimento así como as accións de mellora a levar a cabo no próximo curso segundo os informes de seguimento e acreditación. Anualmente, a Comisión de Calidade de cada centro realiza o seguimento da execución das accións de mellora formuladas polo centro e polos distintos títulos.

As reflexións que conteñen os informes de seguimento e as memorias de calidade son as fontes que permiten propoñer melloras no título. Considerando as accións de mellora propostas no anterior informe de seguimento, durante o curso 2022-2023 traballouse na consecución das mesmas. A continuación ofrécese unha síntese da execución do Plan de Melloras do curso 2022-2023, cuxas tarefas e resultados se detallan nos apartados correspondentes deste Informe e na sección específica do Plan de Melloras.

**SÍNTESE DO PLAN DE MELLORAS (2022/ 2023)**

Polo que concirne á FFP-Lugo, sobre a acción de mellora relacionada coa carga de traballo dos estudantes (AM-MP-

01), infórmase de que no curso 2022-2023, procedeuse á posta en marcha dos calendarios de tarefas, documentos de edición conxunta que as coordinadoras de curso puxeron a disposición do profesorado a través das aulas virtuais de coordinación en cada un dos semestres. Neses calendarios o profesorado pode marcar as datas de realización de probas, entregas de tarefas de peso ou presentacións de traballos das súas materias, co fin de obter unha visión de conxunto da carga de traballo e prazos de entrega do alumnado. Os calendarios foron maiormente cubertos, aumentando o grao de participación en relación ao curso pasado, polo que se considera que a acción foi executada satisfactoriamente e non volverá a abrirse. O procedemento protocolízase para próximos cursos, de forma que as coordinacións de curso enviarán recordatorios ao profesorado sobre a existencia destes materiais e a conveniencia de cubrilos, solicitando a súa cooperación.

En relación á acción de mellora AM-MP-02 relativa a garantir as horas mínimas de estadía nos centros de Prácticum (para I e II) e tratar de aumentalas, procedeuse a revisar os horarios das materias para intentar adiantar a incorporación do alumnado ao centro de Prácticum. Esta posibilidade non resultou viable por non poder concentrar máis o número de horas docentes das materias (debido a falta de espazos e sobrecarga do alumnado), de forma que non é posible adiantar a finalización das materias para poder iniciar antes a estadía de Prácticum. A acción foi executada e péchase, pero non se puido realizar o cambio proposto.

Con respecto á acción de mellora AM-MP-03 relativa ao excesivo peso de metodoloxías docentes e sistema de avaliacións tradicionais, en outubro de 2022 púxose en marcha o FORINNOVA, que favorece a formación de profesorado e alumnado en metodoloxías innovadoras. A resposta positiva apunta a conveniencia de reabrir a acción para o próximo curso 23/24.

Para acción de mellora AM-MP-04 sobre a revisión do instrumento de avaliación do alumnado de Prácticum en colaboración cos docentes titores dos centros, evidénciase que as rúbricas de avaliación conteñen apartados específicos para recoller suxestións dos titores sobre as propias rúbricas, de feito que esas suxestións se poidan empregar para mellorar os instrumentos de avaliación. A acción resulta eficaz e péchase.

En relación á acción de mellora conxunta AM-MP-05 sobre a introdución de metodoloxías docentes máis innovadoras, a tarefa AM-MP-05.1 sobre fomentar a participación en convocatorias de innovación educativa non foi executada en Lugo por non constar convocatorias. A Tarefa AM-MP-05.2 sobre informar e animar ao persoal docente a participar en ApS foi executada en Lugo con éxito. A descrición completa destas actividades consta no informe de execución anual do Plan FORTE-FFP. A acción de mellora reabrirase o próximo curso 23/24.

A acción de mellora conxunta AM-MP-06 sobre fomentar a mobilidade entre o alumnado, púxose en marcha a publicidade das oportunidades de mobilidade e resolución de dúbidas do alumnado por parte da Responsable Académica de Mobilidade e das coordinacións de títulos. A tarefa reabrirase no curso 23/24 para continuar o traballo nesta liña.

En relación á acción de mellora conxunta AM-MP-07 sobre a oferta real de mencións, esta acción non foi executada en Lugo por terse paralizado o proceso. A tarefa reabrirase para o curso 23/24.

Respecto a acción de mellora conxunta AM-MP-08 sobre as prazas de novo ingreso, a tarefa foi executada, pero non de xeito conxunto por dificultades para cadrar as axendas de traballo dos diferentes Decanatos. Porén, o Decanato da FFP-Lugo remitiu un escrito a Vicerreitoría correspondente para solicitar que se respecte o número de prazas de novo ingreso. Non se reabre a acción.

Para a acción de mellora conxunta AM-MP-09 sobre a baixa participación nas enquisas de satisfacción, contáctase coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para valorar posibles accións que melloren a participación. Dende a FFP-Lugo contactouse con devandita Área, a cal informou que o tema será obxecto de debate. Dende a FFP-Lugo aumentouse a publicidade das enquisas, observándose un lixeiro aumento. A acción resulta eficaz e volvese a abrir para o curso vindeiro para continuar mellorando este aspecto.

Na acción conxunta AM-MP-10 sobre os recursos humanos, a tarefa non puido realizarse na FFP-Lugo por dificultades para cadrar as axendas de traballo de ambos Decanatos, e porque no momento de facer a comunicación aos Departamentos, o POD xa estaba elaborado. Esta acción reabrirase no próximo curso.

Para a derradeira acción conxunta AM-MP-11 sobre a análise do real decreto, non foi executada por terse paralizado o proceso. A acción reabrirase no próximo curso 23/24.

Polo que atinxe á FCE-Santiago, sobre a acción de mellora conxunta relacionada coa introdución de metodoloxía docentes máis innovadoras (AM-MP-05), informouse e animouse o profesorado para que participase nas convocatorias de proxectos de innovación educativa existentes, moi especialmente, na de Aprendizaxe e Servizo da USC, na que participou un abondoso número de profesorado da facultade, tanto do campus norte coma do sur. Esta acción de mellora reabrirase no próximo curso 2023/2024.

En relación coa mellora conxunta relacionada coa mobilidade do alumnado (AM-MP-06) fomentouse a mobilidade tanto dentro do estado español como fóra. Potenciouse a publicidade das oportunidades de mobilidade e resolución de dúbidas do alumnado por parte da Responsable Académica de Mobilidade e das coordinacións de títulos. Esta acción de mellora reabrirase no curso 2023/2024 para continuar o traballo nesta liña.

Como xa se sinalou nas liñas superiores, a acción de mellora conxunta AM-MP-07, relacionada coa oferta real de mencións, non foi executada nin en Lugo nin en Santiago por terse paralizado o proceso. A tarefa reabrirase para o curso 2023/2024.

En canto á acción de mellora conxunta AM-MP-08, vinculada coas prazas de novo ingreso, a tarefa non foi executada de maneira conxunta. Na FCE-Santiago mantívose conversa coa Vicerreitoría correspondente.
Non se reabre a acción.

Para a acción de mellora conxunta AM-MP-09, relacionada coa baixa participación nas enquisas de satisfacción, contouse dende Lugo coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para valorar posibles accións que melloren a participación, quen informou que o tema será obxecto de debate. Esta información foi trasladada á Coordinadora de Calidade da FCE-Santiago. Desde este centro tamén se aumentou a publicidade das enquisas e seguirase continuando no traballo de mellorar esta cuestión.

Na acción conxunta AM-MP-10, relacionada cos recursos humanos, a tarefa tampouco puido realizarse na FCE-Santiago porque no momento de facer a comunicación aos Departamentos o POD xa estaba elaborado. De igual forma, a derradeira acción conxunta, AM-MP-11, relacionada coa análise do real decreto, non foi executada na súa totalidade por terse paralizado o proceso. A acción reabrirase no próximo curso 23/24.

Pola súa parte, en canto ás accións de mellora propias da FCE-Santiago, a partir da acción AM-MP-12, elaborouse unha Guía de Coordinación Docente para que sirva de apoio ás Coordinacións e que delimite as diferentes funcións das persoas coordinadoras de curso e título. Pola súa parte, na acción AM-MP-13, coa finalidade de dar resposta ás demandas formativas do PDI que imparte docencia no Grao de Mestre/a en Educación Primaria e do Dobre Grao de Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, para a mellora da calidade docente, solicitouse ao PDI a súa opinión coas necesidades e demandas vinculadas coa súa formación e o seu interese en recibir accións formativas no marco desta titulación. A participación do PDI na solicitude foi baixa, mais unha vez analizadas as propostas, definironse as acción formativas que se concretarían de cara ao futuro.

A acción de mellora AM-MP-14 estaba deseñada para formar o alumnado en diferentes bases de datos dispoñibles e no método de consulta en Biblioteca, pois sabíase o seu descoñecemento. Organizáronse varias actividades e/ou estratexias formativas en colaboración coa biblioteca que permiten ampliar o coñecemento por parte do alumnado destas

fontes.

Seguindo na liña de formar o alumnado, atópase a acción de mellora AM-MP-15, que tivo como foco de atención o alumnado egresado, quen formulaba nas enquisas que se lle formulaban a necesidade de obtención de información, asesoramento e acompañamento na busca de emprego unha vez finalizada a titutulación. Analizáronse as posibilidades laborais e académicas deste alumnado que remata o Grao en Mestre/a de Educación Primaria e o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Primaria e, a partir desa análise, deseñouse un Programa de Orientación Laboral para o alumnado do Grao, especialmente para o alumnado de 4ºcurso, con afán de continuidade.

Xa para finalizar, noméanse as accións de mellora AM-MP-16 e AM-MP-17. A primeira, a AM-MP-16, ten como punto de partida o Plan de Acción Titorial do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e do Dobre Grao, que establece a necesidade de apoiar e acompañar o alumnado do primeiro curso na súa entrada á titulación, e como resultado a realización das Xornadas de benvida para, moi especialmente, o alumnado de primeiro curso, pero tamén para todos os cursos da titulación. A segunda, a AM-MP-17, céntrase na necesaria formación do alumnado do Grao e do Dobre Grao e na importancia de achegarlle exemplos de boas prácticas no eido da investigación e innovación. Esta última acción contempla a realización de varias xornadas sobre innovación e investigación que presentan exemplos de boas prácticas que lles poden servir de utilidade.

Tendo en conta o desenvolvemento das accións de mellora realizadas e as necesidades detectadas, tanto as procedentes da análise dos datos e evidencias dispoñibles como as derivadas do informe de avaliación para a renovación da acreditación do título, para o curso 2023-2024 nos dous centros abriranse accións de mellora para axustar a Memoria de Verificación do Título á oferta efectiva de mencións; para actualizar os Graos aos novos requirimentos normativos; para mellorar os recursos dos centros; favorecer as metodoloxías docentes innovadoras; e fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade. Así mesmo, a Facultade de Formación de Profesorado deseñará accións de mellora específicas relacionadas coa celebración do FORINNOVA; con incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción; e coa creación dun itinerario formativo específico para o profesorado da Facultade. Igualmente a FCE-Santiago deseñará accións de mellora específicas relacionadas coa implementación do Plan de Acción Titorial (xornadas de acollida, elección de representantes de alumnado, profesorado titor...); coa formación do alumnado en materia de bases de datos; co incremento da participación do alumnado, fundamentalmente o egresado, nas enquisas de satisfacción/avaliación e coa mellor e optimización dos horarios despois de estes seren analizados.

**3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) no ano 2011, posibilitou o desenvolvemento do traballo nos centros nun contexto de ciclo de mellora continua. Desde esta perspectiva, o SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. Neste senso, cómpre deixar constancia de que, en setembro do ano 2018, aprobouse a modificación do SGC marco da USC, coa finalidade de acadar unha simplificación que redunde nunha maior operatividade do mesmo. O novo SGC contempla un manual do sistema para os centros, onde se desenvolve o alcance, a estrutura para o seu desenvolvemento e os detalles do seu funcionamento, de maneira semellante aos actuais manuais. Pola súa banda, o novo mapa de Procesos inclúe 2 procesos estratéxicos (Planificación estratéxica e Revisión e mellora), 5 procesos clave (Análise do perfil de ingreso e captación, Planificación

das ensinanzas, Apoio a estudantes, Desenvolvemento das ensinanzas, e Análise de resultados e mellora dos programas) e 6 procesos de soporte (Xestión de recursos humanos, Xestión de recursos materiais, Xestión documental, Satisfacción, expectativas e necesidades, Xestión de incidencias, e Información pública). O Manual do Sistema de Garantía de Calidade está dispoñible na páxinas web da facultades, visibles para calquera persoa interesada.

A FCE-Santiago conta cunha **Política de Calidade** definida no **Manual do SGC** exposta publicamente na **páxina Web da facultade** para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na Web da facultade tamén está dispoñible o **Manual de procesos do SGC**. O SGC está en constante revisión e mellora, tal e como se constata no historial de revisións da documentación. Así mesmo, a FCE-Santiago conta cun **Plan estratéxico**, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03 de marzo de 2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

No caso da FFP-Lugo, na web da facultade, dentro da pestana de Calidade, están dispoñibles así mesmo a **Política de Calidade,** a versión actualizada do **Manual do Sistema de Garantía de Calidade da FFP**, o **Manual de Procesos** e o **Plan Estratéxico 2016-2022** (xa mencionado nos apartados 3.1 e 3.2). O historial de revisións do Manual do SGC sintetízase como segue: a versión inicial do Manual do SGC corresponde ao 21 de decembro de 2009. A primeira revisión data do 31 de maio de 2013, co obxectivo de proceder á simplificación documental, creando o Manual Simplificado do SGIC e revisando algúns procesos e procedementos. O 3 de outubro de 2014 procedeuse á modificación de indicadores e informes dentro do SCG, e o 22 de febreiro de 2018 abordouse unha nova revisión documental, suprimindo procesos e procedementos obsoletos. O Manual do SGC da Facultade actualizouse novamente con data 21 de setembro de 2018 procedendo á revisión e simplificación do documento. A quinta edición do Manual do SGC da Facultade foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o día 6 de outubro de 2021, e nela modifícanse os datos de identificación do centro, o punto 1.4 referido á documentación propia do centro, e o punto 3.2 referido á composición da comisión de calidade. Na sexta edición do Manual consta unha modificación do apartado 2.4. relativa á composición da Comisión de título do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Nas **actas (E5)** da Comisión de Calidade, das Comisións dos títulos e nas Memorias de Calidade dos centros dáse conta da implicación dos diferentes grupos de interese no proceso de proposta e implementación das accións de mellora, así como no seu seguimento. Tal e como se evidencia nas diferentes actas, a Comisión de Calidade dos centros, a través dos representantes do estudantado e as coordinacións de curso e de titulación, recollen as propostas e suxestións realizadas polo alumnado e polo profesorado con relación a diferentes aspectos. Así, na FCE-Santiago e na FFP-Lugo evidénciase o seguimento e grao de cumprimento das accións de mellora propostas para cada curso académico tendo como referente o Plan estratéxico e os distintos informes de seguimento. Ademais, os datos proporcionados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (referidos ao nivel de satisfacción de todos os grupos de interese) son analizados pola Comisión de título e a Comisión de Calidade de cada centro. En xeral, realízanse accións constantes para que cultura da calidade forme parte da vida do centro. As alusións constantes aos procesos de calidade recóllense nas diferentes actas da Xunta de Facultade, ademais, traballouse intensamente na reestruturación da información na páxina Web, na creación de aulas virtuais de coordinación da calidade e, entre outros, na creación de órganos para dar a coñecer o SGC ao alumnado. Todo isto co obxectivo de transmitir a toda a comunidade universitaria o espírito de calidade e mellora continua do centro.

En liñas xerais, pode afirmarse que a cultura de calidade se vai interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. De feito, a traxectoria das Comisións de Calidade dos centros favorece a consolidación dunha cultura de calidade tanto no PDI e no PAS coma no alumnado das facultades. Evidencia diso é o aumento na participación entre os cursos 19-20 e 21-22 nas **enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13**), se ben se observa un descenso no curso 22-23. Por cursos, a participación foi a seguinte: un 30.0% no curso 2019/2020 (28.52% na FCE-Santiago de 31.25% na FFP-Lugo), do 38% no curso 2020/2021 (28,68% na FCE-Santiago e 46,58% na FFP-

Lugo); do 30.0% en 2021/2022 (24.67% na FCE-Santiago e 36.21% na FFP-Lugo); e descendendo ao 20% para o curso 2022/2023 (12,43% en Santiago e 26,97% en Lugo). Cómpre observar este indicador para verificar se se trata dun descenso puntual. En calquera caso, na acción de mellora AM-07 aberta para o curso 23-24 na FFP-Lugo poñeranse en marcha iniciativas para aumentar a participación.

En canto ao **Dobre Grao**, con respecto ás porcentaxes de participación na enquisa, estas son moi positivas, pois xiran ao redor ou superan o 50% de participación global. Así, no curso 2018/2019, foi do 70% de participación global (72,41% na FCE-Santiago e 66,67% na FFP-Lugo); no curso 2019/2020, do 47% (50% na FCE-Santiago e 44,44% na FFP-Lugo); no curso 2020/2021, do 63% (57,38% en Santiago e 69,01% en Lugo); no curso 2021/2022, de 49% (51,95% na FCE-Santiago e 46,15% na FFP-Lugo) e no curso 2022/2023 do 47% (26.67 na FCE-Santiago e 66.67 na FFP-Lugo) **(INF.13).**

Polo que respecta ao **profesorado**, na **enquisa de satisfacción coa titulación (INF.23)** no curso 2019-20, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas foi valorado cun 3.67 de media nos dous centros, no curso 2020/2021 foi de 3.78, no curso 2021/2022 aumentou ata o 3.88 de media e no 2022/2023 mantívose nun 3.75, na liña de anos anteriores. Pola súa banda, a calidade docente da titulación obtivo no curso 2019/2020 unha valoración de 4.00 de media nos dous centros; no curso 2020/2021 acadou un 3.86; no curso 2021/2022 a media acadou os 3.98 puntos e no 2022/2023 4.08, a puntuación máis alta da serie histórica revisada.

En definitiva, en xeral, os ítems mantéñense en valores positivos, se ben cómpre seguir traballando para aumentar a implicación e o grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**
Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Traballo Fin de Grao ou Traballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**
O PDI dos centros conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións con relación aos títulos impartidos. Porén, cómpre mencionar a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Esta situación leva consigo dúas consecuencias para o profesorado: por unha banda, a presenza de persoal docente con contratos precarios dificulta a súa estabilidade e, por outra banda, a falta de persoal docente imposibilita o desconto de horas docentes equivalentes naqueloutro persoal docente que asume coordinacións.

Tendo en conta esta situación, e no ámbito das súas competencias, desde os equipos decanais establecéronse os contactos coas instancias pertinentes para buscar solucións á carencia e precariedade do profesorado e aumentar o número de docentes permanentes a tempo completo, xa que este aumento contribuiría ao recoñecemento e aplicación do desconto por horas docentes equivalentes ao profesorado. Así mesmo, na FFP-Lugo acordouse dar preferencia nas condicións de traballo ás persoas que exercen como coordinadoras de curso con respecto aos horarios para compensar a falta de recoñecemento das horas docentes equivalentes.

No curso 2022/2023 o corpo docente do Título de Mestre/a en Educación Primaria en Santiago estivo formado por un total de 90 profesores/as, que son membros de 7 departamentos (2 deles con sede na propia Facultade), e o da FFP-Lugo por un total de 55 profesores/as, pertencentes a 10 departamentos. É preciso reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. Neste senso, nos últimos cursos veuse producindo unha estabilización de contratos con ampliación en postos consolidados e con menor temporalidade.

Con respecto á cualificación do profesorado, a **porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI actual total (IN26G)** é de 19.23 (20.45 na FCE-Santiago e 18.33 na FFP-Lugo), o que amosa unha certa suba respecto aos últimos anos nos que o descenso, desde o curso 2018/2019, fora considerable (25.33 en 2018/2019; 18.79 en 2019/2020; 18.62 en 2020/2021 e 16.78 en 2021/2022) polas taxas de reposición insuficientes e o alto número de xubilacións.

No conxunto das dúas Facultades a **porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25G)** é de 70.27 no curso 2022/2023, a cifra máis alta respecto dos últimos indicadores (66.0 en 2018/2019; 63.09 en 2019/2020; 64.14% en 2020/2021 e 65.77 no curso 2021/2022) e a de **PDI con sexenios sobre PDI total (IN24G)** é de 65.63, novamente a cifra máis alta nos últimos anos nos que apenas existía variación (52.63 en 2018/2019; 50.0 en 2019/2020; 47.17% en 2020/2021 e 50.79 en 2021/2022).

Porén, os progresivos descensos rexistrados nalgúns ítems non acompañan a adecuación cualitativa do profesorado, xa que non cabe dúbida de que os docentes existentes, teñan ou non vinculación permanente á universidade, accederon ás súas respectivas prazas tras superar un procedemento selectivo cada vez máis rigoroso, esixente e competitivo.

O nivel de cualificación pódese sinalar de xeito máis pormenorizado por Campus, tomando como referencia o último curso académico avaliado (2022/2023) **(INF. E15 Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación Docente).**

-No Campus de Santiago a **porcentaxe do PDI doutor sobre o PDI total (IN25G)** é de 73.86%, dato que se incrementa lixeiramente respecto dos anos anteriores (66.67 en 2019/2020; 70.93 en 2020/2021 e 71.08 % en 2021/2022). As categorías docentes ás que pertencen os/as 90 profesores/as son as seguintes: Titular de Universidade (14), Titular de Escola Universitaria (3), Profesor Contratado Doutor (25), Profesor Axudante Doutor LOU (18), Asociado de Universidade LOU (12), Profesor interino (10), Lector (1), outras categorías (7) (nestas últimas atópanse 1 Juan de la Cierva; 2 predoutorais do Ministerio; 1 Posdoutoral; 3 Contratados interinos por vacante T3) (**INF. E15 Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación Docente (FCE-Santiago)**).

-No Campus de Lugo no curso 2022/2023, **a porcentaxe do PDI doutor sobre o PDI total (IN25)** foi do 65.0% aumentado seis puntos respecto do curso anterior no que a porcentaxe era 59.09% (curso 2021/2022) e máis de dez respecto de dous cursos anteriores no que a porcentaxe se situaba no 54,24% (curso 2020/2021). As categorías docentes ás que pertencen os/as 55 profesores/as son as seguintes: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (8), Titular de Escola Universitaria (2), Profesor Contratado Doutor (10), Profesor Axudante Doutor LOU (13), Asociado de Universidade LOU (12), Profesor interino de substitución (4), Profesor contratado interino por vacante T3 (3), Lector (1) e Colaborador (1) (**INF. E15 Información sobre o profesorado. Plan de Ordenación Docente (FFP-Lugo)**).

Por último, con respecto á **porcentaxe de participación do profesorado do título nos plans de formación formación (Documento 16-17)**, na FCE-Santiago foi dun 25.00%, a cifra máis baixa da primeira edición do título respecto dos últimos anos (33.33% en 2018/2019; 57.00% en 2019/2020; 60.23% en 2020/2021 e 45.05% no curso 2021-2022). En canto á segunda edición do título, pódese dicir que o grao de participación do profesorado nos plans de formación foi de 44.79% no ano 2021/2022 e de 28.71% en 2022/2023. Na FFP-Lugo a porcentaxe de participación do profesorado nos plans de formación foi de 42.62% no curso 2022/2023 fronte ao 36.07% en 2018/2019; 65.00% en 2019/2020; 64.41% en 2020/2021 e 31.43% en 2021/2022). En canto á segunda edición do título, pódese dicir que o grao de participación do profesorado nos plans de formación foi de 30.56% no ano 2021/2022 e de 43.55% en 2022/2023. Eses incrementos nalgún dos anos poden explicarse pola necesidade de formación relacionada coa docencia en remoto derivada da situación ocasionada pola COVID-19.

Con todo, é de lamentar que o número de **docentes que participan en programas de mobilidade (I10)** sexa aínda moi reducido. No curso 2022/2023 a porcentaxe de profesores que participaron nestes programas sobre o total do profesorado do título foi, na FCE- Santiago, do 1.11%, dun total de 90 profesores, a segunda porcentaxe máis baixa dos últimos cursos, despois da pequena subida experimentada no curso 2020/2021 cun 3.19%, dun total de 94 docentes e, sobre todo, no curso 2021/2022, no que a porcentaxe fora do 5.56% dun total, tamén, de 90 profesores (en 2018/2019 a porcentaxe foi de 1.92%, de 104 profesores, e en 2019/2020, de 1.08%, de 93 profesores). Na FFP-Lugo, no curso 2022/2023 a porcentaxe foi de 3.64%, dun total de 55 profesores, a cifra máis alta dos últimos cursos que supera lixeiramente a existente no curso 2019/2020 no que a porcentaxe fora de 3.51%, de 57 profesores (en 2020/2021, foi de 1.79%, dun total de 56 profesores, e en 2021/2022, de 11.43%, dun total de 70 profesores). Esta pouca participación por parte do PDI en programas de mobilidade pode xustificarse polas limitacións no número de docentes no título; o profesorado de ambos os centros non pode participar en programas de mobilidade sen prexudicar directamente aos seus compañeiros/as de área, xa que estes teñen que encargarse da súa docencia. Así mesmo, cómpre ter en conta as circunstancias derivadas das restricións de mobilidade pola situación de emerxencia sanitaria nos cursos 2019/2020 e 2020/2021.

En liñas xerais, pódese considerar que o PDI dos centros é axeitado para atender ás necesidades do título, aínda que sería desexable poder contar cun maior número de profesorado estable a tempo completo. Cómpre lembrar que as limitacións no número de PDI teñen unha notable incidencia no cociente profesor/alumno e no tamaño dos grupos de docencia, tal como xa foi sinalado anteriormente. A este respecto, é importante ter en conta que a contratación de profesorado e as súas condicións (categoría da contratación, posibles promocións, traslados de Campus, etc.) non dependen directamente dos centros. Polo que concirne ás necesidades de persoal, e no ámbito das súas competencias, as Facultades (a través dos equipos Decanais) mantéñense en contacto cos Departamentos e Vicerreitorías correspondentes para notificar necesidades específicas de persoal docente, con arranxo ao proceso específico relativo á xestión de recursos humanos do SGC.

Malia estas circunstancias pouco favorables polo que respecta ao persoal académico dispoñible, os niveis de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida mantéñense en valores positivos, dos que xa se deixou constancia noutros apartados deste informe. Isto significa que, mesmo nestas condicións manifestamente mellorables, pode apreciarse un elevado grao de dedicación, compromiso e implicación do profesorado coa función que desempeña.

**4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é, en liñas xerais, suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título. En todo caso, a eliminación da figura dos bolseiros que atendían as aulas de informática dos centros hai uns cursos supuxo un duro contratempo para o desenvolvemento da docencia, que non sempre pode ser compensado co apoio prestado polo persoal de conserxería.

Polo que respecta á FCE-Santiago, o PAS cífrase no curso 2022/23 nun total de 19 persoas aumentando nunha con respecto ao curso anterior (18 persoas no curso 2021/2022). Con respecto á evolución do número de membros, no curso 2016/2017 contábase con 20 persoas, pero este número baixou en cursos posteriores: 14 no curso 2017/2018, 17 no curso 2018/2019, 15 no curso 2019/2020 e 16 no curso 2020/2021 **(E16)**. É necesario destacar a complexidade da FCE-Santiago, onde se imparten nove titulacións distintas de grao e máster distribuídas, ademais, en dous edificios situados en campus diferentes da cidade de Santiago de Compostela. Esta circunstancia dificulta enormemente o desenvolvemento das tarefas diarias propias da administración e xestión da Facultade.

Polo que se refire á FFP-Lugo, conta cun total de 11 membros no curso 2022/2023, mantendo o número de persoas dos cursos anteriores dende o curso 2016/2017 (agás no curso 2018/2019 onde se rexistran novamente 12 membros en total por mor doutra baixa cuberta). Cómpre sinalar que continúa a ser necesaria unha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde, aspecto que se tivo en conta na listaxe de accións de mellora a desenvolver no curso 2022/2023. A este respecto, debe terse en conta que o centro conta cun elevado número de estudantes e un horario continuado de clases de 8:30 a 21:30h, e que outras facultades que seguen en número de estudantes á FFP contan con 3 persoas en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde. Á parte de desempeñar outras tarefas, o persoal en quenda de tarde atende demandas de información de tipo administrativo, ao non estar o persoal de administración. Por outra banda, o persoal de conserxería realiza funcións de apoio ao profesorado para a posta en funcionamento dos equipos informáticos, cámaras, micrófonos etc., que debido ás restricións na docencia presencial a partir do curso 2019/2020 viron aumentada a súa carga de traballo.

A primeira tramitación da solicitude dun segundo conserxe para a quenda de tarde na FFP-Lugo fíxose con data 9 de decembro de 2020. O documento dirixiuse á atención do Xerente e a Vicexerenta de Persoal. Ao non terse recibido resposta, tívose así mesmo en conta no Plan de Melloras de Centro da Memoria de Calidade do curso 2021-2022, ao considerarse que afecta a todos os títulos impartidos no centro, tanto de Grao como de Mestrado.

Con respecto ao **grao de satisfacción do PAS con respecto ás tarefas que desenvolve (INF21)**, a porcentaxe de participación na enquisa no curso 2022/2023 foi do 35.0% na FCE-Santiago e do 63.64% na FFP-Lugo, un aumento, polo tanto, da porcentaxe de participación da enquisa na FFP-Lugo respecto do curso 2021/2022, que fora de 27.27%, e unha diminución pouco significativa na porcentaxe de participación na FCE-Santiago, cun 38,89% de participación en 2021/2022. Pola súa parte, a valoración global do PAS en relación coas tarefas que desenvolve foi neste 2022/2023 de 4.00 e de 4.07 no curso anterior, 2021/2022. Entre os ítems máis valorados atópanse a importancia da formación para manter a calidade do seu traballo (4.57 no curso 2022/2023 e 4.37 no curso 2021/2022); a accesibilidade ao lugar de

traballo e a ausencia de dificultades ao seu acceso (4.43 no curso 2022/2023 e 4.35 no curso 2021/2022). Con todo, é importante sinalar que as enquisas viñeron mudando os seus ítems ao longo dos últimos cursos polo que non é posible facer unha comparativa lonxitudinal de respostas a ítems concretos máis alá dos dous últimos cursos (2021/2022 e 2022/2023).

En canto á **porcentaxe de participación do PAS nos plans de formación (Documento 16-17)**, os datos dos últimos cursos son, en xeral, satisfactorios, pois supérase o 50% de participación nos diferentes cursos. Con todo, obsérvase que na FCE-Santiago a participación descende considerablemente co paso dos anos (pasouse dun 70.59% de participación no curso 2018/2019 a un 77.78% en 2019/2021, a 56.25% en 2020/2021, 50% en 2021/2022 e a un 31.58% en 2022/2023), mentres que na FFP-Lugo esa porcentaxe de participación se mantén nos últimos anos, ou mesmo se incrementa no último curso 2022/2023 (pasouse dun 66.67% de participación en 2018/2019 a 57.14% en 2019/2020, 75.00% en 2020/2021, 45.45% en 2021/2022 e 72.73% en 2022/2023).

| DIMENSIÓN 2. RECURSOS |
|---|
| CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:<br>**Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.**<br>Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título. |
| **5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.** |
| Aspectos a valorar:<br>• As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, …<br>• Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistencias e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), …<br>• Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.<br>• Os fondos bibliográficos, recursos documentais,… son suficientes e están actualizados.<br>• No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.<br>• Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,…) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.<br>• Os programas de acollida e apoio ao estudante oriéntano no funcionamento da institución.<br>• Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analizase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).<br>• No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>O proceso PS-02, Xestión dos recursos materiais e servizos dos Manuais de Procesos dos centros recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atendelas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. Nas páxinas web de ambas facultades figura información detallada sobre as infraestruturas e servizos de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento.<br><br>Os recursos materiais e servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse, en liñas xerais, suficientes cos requisitos mínimos de suficiencia e adecuación, pero continúa a haber certos problemas e hai moita marxe de mellora, tanto polo que se refire aos recursos (aulas de uso xeral, aulas específicas, aulas-seminario, laboratorios e espazos con dotación específica, espazos para o traballo en grupo do alumnado etc.) como os mecanismos para garantir |

a súa revisión e mantemento.

En calquera caso, cómpre continuar mellorando os espazos, instalacións e recursos dos dous centros nos que se imparte a titulación e, neste sentido, todos os anos procúrase adquirir e renovar material e realizar as obras necesarias para acondicionar e adecuar os espazos de traballo, tal e como consta na relación de obras e adquisicións das táboas correspondentes aos curso 2022/2023.

No sentido comentado, na FCE-Santiago, ante a situación de deterioro do edificio situado no campus norte onde se imparte esta titulación, requírense continuas melloras nas instalacións e recursos dos que se dispón. Así mesmo, segue reclamándose a realización dun espazo novo que acolla todas as titulacións da facultade, tanto as que se imparten no campus sur coma no campus norte. En todo caso, o centro reúne os requisitos para a impartición do título de Mestre/a de Educación Primaria e conta cunha infraestrutura de espazos específica para o desenvolvemento da actividade docente e investigadora (nos últimos anos realizáronse acondicionamento de aulas, melloras nas infraestruturas etc.), así como espazos de servizos para a comunidade do centro. Na páxina Web da facultade infórmase sobre o equipamento dispoñible, así como dos planos de ambos edificios (Equipamentos | Facultade de Ciencias da Educación | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)

Pola súa banda, a FFP-Lugo continúa padecendo evidentes limitacións de espazo para un adecuado desenvolvemento da docencia, tendo en conta o feito de que case a metade do edificio (cuxa propiedade é da USC) está ocupada polo CEIP Anexa, incluíndo o ximnasio da Facultade. A ese respecto, existe un acordo de cesión de espazos polo que a que a USC se comprometeu a cederlle o uso do ximnasio ao CEIP Anexa, e a Consellería de Educación a cederlle o uso prioritario do pavillón do CIFP Politécnico á Facultade de Formación do Profesorado para a docencia da área de Didáctica da Expresión Corporal. Esta instalación presentaba graves problemas de limpeza e mantemento sobre os que se estivo a traballar nestes últimos cursos pero sen poder chegar a unha solución definitiva.

A problemática cos espazos para o desempeño da docencia de educación física, xunto coas melloras enfocadas ao equipamento das instalacións para mellorar a docencia en remoto, promovida pola Covid-19, son aspectos sobre os que se continuará a traballar en vindeiros cursos académicos, tendo en conta que a medio prazo está previsto o traslado da Facultade a unhas novas instalacións no campus de Fingoi.

Continuando co plan de mellora das infraestruturas e equipamentos dispoñibles levado a cabo en cursos anteriores (que responde, no caso da FFP-Lugo, a un dos Obxectivos Estratéxicos recollidos no **Plan Estratéxico 2016-2022)**, durante o curso 2022/2023 realizáronse diversas obras e adquiríronse os seguintes materiais para a FFP-Lugo:

**Táboa: Material adquirido e obras realizadas na FFP-Lugo durante o curso 2022/2023**

| CENTRO | ZONA DE ACTUACIÓN | EQUIPAMENTO E OBRAS CURSO 2022/2023 |
|---|---|---|
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 12/09/2022<br>OBRA:<br>Raspillado, lixado e vernizado de porta maciza de dúas follas e marco<br>EQUIPAMENTO:<br>Subministro e instalación de estor enrollable Bandalux |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 21/09/2022<br>OBRA: |

| | | |
|---|---|---|
| | | Instalación enchufes+toma corrente, liña de alimentación, cableado, canaleta, elementos de fixación, marco de obra e máquina expendedora<br>EQUIPAMENTO:<br>1 televisor 65”+accesorios. 2 proxectores +accesorios<br>Cafetera cápsulas KRUPS XN , fervedoiro Princess, Microondas, Frigorífico INFINITON |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 13/10/2022<br>OBRA:<br>Subministro e instalación de tarima vinílica. Instalación porta entrada a ofice: cara interior blanco, cara exterior rechapado<br>EQUIPAMENTO:<br>2 cadeiras modelo SIL |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 14/02/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>1 buzon de xornais, 1 pantalla proxector mural AQPROX |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 24/02/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>1 cafeteira De Longhi, 2 microondas TAURUS, 1 televisor |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 03/04/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>3 mesas de oficina |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 02/05/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>Material de fotografía |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 03/05/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>Televisor TOSHIBA |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 12/05/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>1 ordenador HP |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 26/05/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>1 espello redondo de madeira |
| Facultade de Formación do Profesorado | Campus Lugo | 30/06/2023<br>EQUIPAMENTO:<br>2 equipos multifunción image runner |

**Fonte:** Unidade de Servizos Económicos da FFP-Lugo

Pola súa parte, para a FCE-Santiago, que, como é sabido, está dividida fisicamente en dúas sedes e precisa desenvolver a actividade docente e investigadora en ambos edificios, no curso 2022/2023 leváronse a cabo diferentes reformas e melloras estruturais. Foron as seguintes:

**Táboa: Material adquirido e obras realizadas na FCE durante o curso 2022/2023**

| CENTRO | ZONA DE ACTUACIÓN | EQUIPAMENTO E OBRAS CURSO 2022/2023 |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago Campus Santiago | **OBRA RAM** |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 1. Pintura en interior obra Facultade CC Educación, Módulo C2: 8.464,94 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 2. Ampliación Instalación Sistema videovigilancia Campus Sur (2 unidades CÁMARA MINIDOMO IP Dahua StarLight con Smart IR de 40 m; 1 unidad NVR IP DAHUA, capacidad para 16 canales IP de hasta 4K/8MP; 1 unidad DISCO DURO Western Digital® Purple 4TB. 6GB/s; MANO DE OBRA instalación, conexionado, configuración, pruebas y puesta en marcha. Incluye pequeño material de instalación.): 881,47 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 3. Colocar unha tapa chimenea formada por lamas de ventilación con remate de chapa plegada de aluminio de 1mm. Arranxo goteira Módulo central compartido con Psicoloxía: 369,41 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 4. Fabricación e colocación de remate de cheminea. Obra a realizar na Facultade de Ciencias da Educación Campus Norte. 997,03 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 5. Material e montaxe da iluminación das escaleiras na Facultade de Ciencias da Educación, campus norte. 2754,54 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 6. Arranxo no edificio da Facultade de Ciencias da Educación no campus norte. Dobre acristalado. Canto aristado laminado. 386,99 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 7. Traballos de acondicionamento e reformas na Facultade de Ciencias da Educación. -Acondicionamento espacio para office en módulo A da Facultade de Ciencias da Educación: 2395,58 euros -Traballos de pintura en aseos, escaleiras e Aula 15 (Campus Sur):9.626,15 euros -Escaleiras exteriores Facultade Campus Vida. Demolición de murete de formigón. Execución de muro de formigón armado da Facultade de Ciencias da Educación: 3097,93 euros -Traballos de pintura na Facultade |

| | | |
|---|---|---|
| | | de Ciencias da Educación: 948,53 euros -Traballos de pintura en pasillos e teitos zonas comúns, despacho 70 módulo C2 e despacho 71 Módulo A (Campus Sur): 2012,74 euros - Traballos de pintura no local antigo asuntos económicos e despacho informático: 1068,31 euros - Traballos de pintura na Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur): 187,85 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 8. Instalación eléctrica no novo office da Facultade de Ciencias da Educación, Campus sur: 864 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 9. Barandilla metálica en Escaleiras, Campus Sur: 2.157,08 euros |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | **MOBILIARIO** |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 10. Mesas, sillas, armario, paragüeiros, percheiros (Aula Maker) |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 11. Mobles renovación Sala María Barbeito, Campus Norte (8 mesas, 2 faldones, 30 sillas) |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 12. Planero con 5 caixóns, módulo completo con zócalo e encimeira. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 13. Moble aula Maker |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 14. Expositor móbil con estantes inclinados, biblioteca campus Sur. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 15. Estores edificios Campus Sur y Campus Norte. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 16. Mobiliario necesario para despachos da Facultade de Ciencias da Educacón Campus Norte y Campus sur: 1 silla profesor, 1 armario (despacho 68 módulo C2); 1 mesa profesor, 1 bloque de caixons rodante, 1 armario modelo lince (despacho |

| | | |
|---|---|---|
| | | 402 campus norte); 1 armario(despacho 403 campus Norte); 1 armario (despacho 506 campus norte); 1 caixoneira (despacho 009 campus Norte). |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | EQUIPOS INFORMÁTICOS |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 17. Impresora etiquetas decanato, 1 impresora campus Norte, 1 ordenador portátil campus Vida, 1 ordenador portátil vicedecanato campus Norte, 2 monitores campus norte |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 18. Ratón e teclado aula Maker. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 19. 1 Mini PC Sala de Xuntas Campus Sur<br>. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 20. 3 ordenadores portátiles (1 Seminario 1 (C2), 2 seminario 2 (C2) |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 21. Fotocopiadora equipo multifunción decanato campus Norte. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 22. Atril metacrilado Salón de actos Campus Vida |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | EQUIPOS AUDIOVISUAIS |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 23. Gafas Aula Maker |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 24. 1 proxector aula 3 Campus Norte |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 25. Telepronter Pad aula Maker |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 26. 2 proxectores aula 14 e aula 5 Campus Norte. |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 27. 1 cámara de videoconferencia, 1 audioconferencia, Sala de Xuntas Campus Sur |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 28. 2 proxectores aula 1 e aula 12 Campus Norte. |

| | | |
|---|---|---|
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 29. 6 proxectores (1 seminario 2 (C2); 1 seminario 1 (C1); 1 aula 15(A); 1 aula 10-11 (A); 1 aula 9(A); 1 aula 6/7 (A) Campus Sur) |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 30. 1 mando pantalla proxección eléctrica con control remota para radiofrecuencia (Aula 10-11 (A) Campus Sur) |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | 31. Pizarra sistema Meeting aula Maker. 32. Proxector para a aula 6/7 Módulo C2 no Campus sur |
| Facultade de Ciencias da Educación | Campus Santiago | |

**Fonte:** Unidade de Servizos Económicos da FCE-Santiago

**CAMPUS VIRTUAL**

No relativo aos servizos, cómpre destacar o **campus virtual,** un servizo de apoio á docencia moi relevante para o desenvolvemento dos programas formativos das facultade. O campus virtual é unha ferramenta proporcionada polo Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe da USC, utilizado na inmensa maioría das materias. En xeral, este servizo é valorado positivamente por alumnado e profesorado. Na última **enquisa de satisfacción dos egresados (INF.09)** que contempla este ítem (correspondente ao curso 2018-2019), o alumnado de Infantil e Primaria valora o campus virtual e a Secretaría Virtual con 4 puntos sobre 5. Na **enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22)**, o campus virtual valórase con 3.55 no curso 2022/2023, cifra que segue a tendencia de anos anteriores (3.68 puntos no curso 2019/2020; 3.91 no 2020/2021 e 3.80 puntos no curso 2021/2022). Polo que respecta á utilidade do campus virtual para o labor docente, na **enquisa de satisfacción do PDI coa titulación (INF.23)** a valoración é tamén moi positiva, xa que acada 4.23 puntos no curso 2019/2020, 4.43 no curso 2020/2021, 4.39 puntos no curso 2021/2022 e 4.43 no curso 2022/2023 (este último curso, xunto co 2020/2021, é o que presenta a cifra de máis elevada) . Cómpre ter en conta que durante o período de suspensión da actividade académica presencial por mor da Covid-19, o campus virtual pasou a ser unha ferramenta básica para a docencia e a avaliación en remoto xunto con ferramentas institucionais para a comunicación como Microsoft Teams.

**BIBLIOTECA**

En canto ao servizo de **Biblioteca**, as facultades contan cunha boa dotación de fondos documentais, todos eles en acceso directo. O persoal das bibliotecas ocúpase de verificar e, no seu caso, completar a dispoñibilidade de exemplares de toda a bibliografía básica contida nos programas das materias de todas as titulacións impartidas nos centros. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias. A satisfacción co servizo de biblioteca valórase positivamente nas enquisas realizadas aos egresados dos Graos de Primaria e Infantil con 4 puntos sobre 5 na última enquisa dispoñible que contempla este ítem, correspondente ao curso 2018-2019. A valoración dos fondos bibliográficos por parte do profesorado, en xeral, tamén é positiva.

**XESTIÓN ACADÉMICA**

En canto aos **Servizos de Xestión Académica**, a USC conta cun servizo centralizado para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC. Este é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos etc. No ámbito específico das Facultades, as **Unidades de Xestión dos Centros** atenden a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM e outras), e supón un punto de atención e contacto eficiente e máis próximo aos estudantes. As valoracións da Unidade de Xestión Académica por parte do alumnado egresado nos últimos cursos foron

positivas. Así, ata o último curso no que se informaba deste aspecto, 2018/2019, a puntuación, sobre 5, era positiva: 3.60 no curso 2015/16; 3.43 no curso 2016/2017; 3.64 no curso 2017/2018 e 4.36 no curso 2018/2019 **(INF.09)**. Na **enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22)**, a atención prestada polo persoal de administración e servizos valorábase con 3.56 puntos no curso 2019/2020, 3.38 no curso 2020/2021, 3.47 no curso 2021-2022 e 3.23 no curso 2022/2023 polo tanto nunha liña similar e positiva nos diferentes anos.

Dende as Facultades continúanse a facer todos os esforzos posibles para que os recursos e os servizos vaian acadando paulatinamente mellores niveis de suficiencia e adecuación, a través da modernización de recursos materiais e a reforma de infraestruturas e espazos.

**SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE**

Polo que concirne á seguridade e accesibilidade, cómpre sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, as Facultades deben tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, a FFP-Lugo ten actualizado o seu Plan de Autoprotección, e na **web da Facultade**, na lapela correspondente a ese Plan, pódese atopar información sobre o Plan de Autoprotección, os protocolos de actuación en caso de emerxencia e evacuación, as accións formativas desenvolvidas, os informes dos simulacros de emerxencia, e os planos de sinalización. Por outra banda, a FFP-Lugo pasa cada cinco anos unha revisión específica do **Servizo de prevención de riscos laborais** para a identificación de posibles fontes de risco, e toda a información relativa á avaliación de riscos pódese atopar nas web da facultade.

Pola súa parte, os comentarios realizados para a FFP-Lugo poden aplicarse tamén á FCE-Santiago, onde nos últimos tempos se procedeu a unha renovación dos protocolos de actuación e se realizaron melloras para a seguridade e accesibilidade ao centro. Así, tamén se pode atopar toda a información correspondente á FCE-Santiago na súa web, onde, ademais do **Regulamente de Réxime Interno e do Protocolo de usos dos espazos, instalacións e equipamento da facultade, se atopan a disposición do usuario** o Plan de autoprotección (actualizado con data 14/10/2021), os planos dos edificios e toda a información do Servizo de Prevención de Riscos (normas xerais en caso de incendio, actuación en caso de emerxencia e evacuación, os protocolos de emerxencias por ameaza de bomba, comportamento antisocial e correspondencia sospeitosa e os teléfonos de emerxencia).

Ambos os dous centros, tal como se recolle nos informes de prevención de riscos máis recentes, non contan con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas. Así mesmo, no relativo á accesibilidade universal, todos os espazos das facultades son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado. Con todo, aínda hai marxe de mellora na adecuación das instalacións.

**ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL**

Con respecto aos **Servizos de Orientación Académica e Profesional**, a USC conta con servizos xerais encargados destas cuestión, tales como o Servizo de participación e integración universitaria (SEPIU), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a Área de orientación laboral e emprego, que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o Servizo de axudas e servizos ao alumnado, responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. Pola súa banda, a Oficina de Información Universitaria (OIU) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e diríxeos a uns ou outros en función das necesidades. Tanto na FCE-Santiago como na FFP-Lugo dáse cumprida información ao estudantado sobre a existencia destes servizos e da súa utilidade nos programas e xornadas de acollida cos que contan. Así mesmo, as persoas que exercen tarefas de coordinación están ao tanto da existencia destes servizos e informan e dirixen o alumnado aos mesmos nos casos de consulta ou solicitude de información.

Ademais, nas dúas Facultades vense tamén participando no Programa de Titores da USC, a través do que se dá acollida ao alumnado de novo ingreso. Trátase dunha iniciativa con pouca implicación do alumnado que pode ser titor (aquel que teña superado como mínimo 60 créditos). Este programa é unha ferramenta útil que se difunde entre o alumnado e o corpo docente, pero que precisa de maior visibilidade na actividade diaria para facilitar as tarefas ao alumnado que inicia os estudos.

Así mesmo, cómpre sinalar que tanto a FCE-Santiago como FFP-Lugo realizan actividades de orientación académica e profesional para o alumnado do Grao en Mestre/a de Educación Primaria en ambos os dous centros, entre as que se atopan programas e xornadas de acollida en primeiro curso para orientar o alumnado sobre o funcionamento da institución, así como sesións orientativas sobre as mencións cualificadoras. Con todo, a seguir, detállanse as accións realizadas máis destacadas.

Na FCE-Santiago tense tratado esta cuestión en diferentes ocasións, de maneira que desde o curso 2019/2020 se iniciaron as tarefas que deron lugar ao Plan de Acción Titorial do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, aprobado o 16 de xullo de 2021.Esta iniciativa, enmarcada no Plan de Acción Titorial (PAT) xeral da facultade, está dirixida a realizar actuacións que favorezan a integración do alumnado na vida universitaria atendendo á dimensión académica, persoal e social. Co deseño do PAT do Grao de Mestre/a en Educación Primaria, búscase proporcionar ao alumnado unha titorización personalizada que oriente o seu currículo formativo dende o ingreso no centro, verificando progresivamente o seu avance no curso da titulación e revisando os procedementos que poden implicar certa mellora educativa, ata o seu egreso cara a unha maior especialización académica ou inserción no mundo laboral. Neste senso, defínense accións de acollida e de orientación académica e profesional de acordo coas necesidades do alumnado, en función do curso no que se atope, con especial fincapé no acompañamento do estudantado de 1º curso ao obxecto de favorecer o seu proceso de adaptación ao contexto universitario (información dispoñible na web da Facultade). As accións específicas do PAT no Grao en Mestre/a de Educación Primaria céntranse ao redor de catro momentos (inicio de curso, fin do primeiro semestre, inicio do segundo semestre e fin de curso) e xiran arredor de tres eixos: acollida, apoio e seguimento e orientación académica e profesional.

Na FFP-Lugo, tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na Facultade para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019/2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único **Plan Integral de Formación, Orientación e Titorización do Estudantado da FFP** (**Plan FORTE-FFP**), que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos de Educación Primaria e Educación Infantil a este respecto. Dese xeito, na **Memoria de Calidade do Centro 2019/2020** estableceuse unha acción de mellora para o curso 2020-2021 na que se creou o devandito Plan.

O Plan FORTE-FFP responde ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos da FFP, que ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a orientación laboral. O Plan responde aos catro obxectivos de actuación sinalados no Manual de Procesos. Todas as actividades realizadas no curso 2022/2023 dentro do Plan FORTE-FFP recóllense no Informe de execución do devandito plan, elaborado polas persoas que coordinan os títulos cos datos achegados polos membros das súas respectivas Comisións de Título, e analizado e avaliado positivamente pola **Comisión de Calidade do Centro** na reunión do 18 de xullo de 2023, como consta na Acta correspondente (véxase Parte 1 e Parte 2). Neste informe proporciónanse datos sobre o desenvolvemento desas actividades que xustifican a súa continuidade en vindeiros cursos ou a organización de actividades similares, por exemplo, o interese da actividade para a formación do estudantado, datos de participación do mesmo, resposta /acollida da actividade por parte do estudantado, datos de enquisas de satisfacción (de habelas), incidencias detectadas etc. O informe contén así mesmo recomendacións sobre a posible continuidade das actividades para a súa análise e valoración pola Comisión de Calidade do Centro.

O Plan FORTE-FFP publicítase ao alumnado na xornada de acollida e a través da **web do centro**. As actividades recollidas nas diferentes liñas abranguen a xornada de acollida (primeiro curso), a información sobre requisitos, estrutura e saídas dos graos (todos os cursos) da presentación do Campus Terra (ligazóns para Primaria e DG), a sesión informativa sobre as mencións (segundo curso), as sesións informativa sobre o Prácticum (segundo e terceiro curso), o programa de alumnado titor (todos os cursos), a información

sobre bolsas, axudas, prácticas e actividades relacionadas coa profesión (todos os cursos), as xornadas de formación e orientación laboral (cuarto curso) e a información sobre saídas laborais e oposicións (derradeiros cursos das titulacións), os relatorios con profesionais externos, prácticas de campo, actividades de ApS e outras actividades transversais ou específicas (todos os cursos), os cursos de competencias informacionais da biblioteca (nivel básico: primeiro curso; nivel avanzado: cuarto curso), o proxecto CompetenteS para o desenvolvemento das competencias comunicativas en galego e castelán do alumnado (todos os cursos), a curso sobre habilidades comunicativas do servizo de Normalización Lingüística (cuarto curso/todos os cursos), o obradoiro de apoderamento lingüístico (todos os cursos) e sobre os cursos de formación organizados polo Centro de Linguas Modernas (todos os cursos).

Cómpre salientar que no curso 2022-2023 a Facultade de Formación do Profesorado participou na IV edición da "Convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC", correspondente ao 2022, presentando o Plan FORTE-FFP. A iniciativa resultou seleccionada como exemplo de boas prácticas, o cal evidencia a solvencia do proxecto para satisfacer as necesidades formativas e de orientación laboral e profesional do alumnado.

Para rematar este apartado pódese lembrar que na opinión do alumnado a orientación académica e profesional que reciben **(INF.22)** obtivo unha media de respostas de 2.94 para o conxunto do título no curso 2019/2020, de 3,13 en 2020/2021; de 3,00 no curso 2021/2022 e de **2,68** no curso 2022/2023 (datos non desglosados por Campus). A este respecto téñense en marcha varias accións de mellora que contribúan a establecer unha mellor información do eido laboral. Un dato a salientar é a valoración da oferta coa que o alumnado contou para o seu desenvolvemento das prácticas externas, cunha media global de 3.36 en 2019/2020; 3,32 en 2020/2021; 3.40 en 2021/2022 (1-5) e **2,86** en 2022/2023.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

**6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.**

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores dos "Resultados previstos" recollidos no apartado 8 da Memoria de Verificación do Título sinalan a taxa de graduación do 70%, a taxa de eficiencia do 85% e a taxa de abandono do 20%. Os resultados do desenvolvemento e avaliación das diferentes materias da titulación, o Prácticum e o TFG proporcionan indicadores que evidencian a consecución dun progreso axeitado.

Dende o curso 2014-2015 ata o 2021/22 en ambos centros era moi reducido o número de materias con índices de suspensos que puideran considerarse elevados, o que se relaciona con taxas de éxito moi superiores á media da USC.

Os resultados obtidos durante o curso 2021/2022 melloran estas previsións e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. Neste senso, compre sinalar que nas diferentes materias que compoñen o título, os índices de suspensos identificados dende o curso 2018/2019 ata o 2021/22 son, en liñas xerais, escasos tanto para a FCE como para a FFP **(INF. 15).** Tamén resulta preciso sinalar a existencia de **taxas satisfactorias para as distintas materias** (incluíndo Practicum e TFG) que compoñen o plan de estudos, na medida en que a taxa de éxito abrangue dende o curso 2018/2019 ata o 2021/22 un rango comprendido entre o 76,40% ata o 100% na FCE-Santiago e 75,56% e o 100% na FFP-Lugo.

Cómpre sinalar ademais que a meirande parte das materias en ambos centros teñen **taxas de éxito (IN35G)** (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados) superiores ao 95%, dende o curso 2017/18 ata o curso 2021/22 **(INF17_2021-2022).** Así, no curso 208/2019 foi de 95.61; no 2019/2020 de 97.74; no 2020/2021 de 97.43 e en 2021/2022 de 96.89 (97.9 na FCE-Santiago e 95.32 na FFP-Lugo), datos que amosan unha tendencia Intercampus estable.

Polo que respecta ao TFG, as taxas de éxito mantéñense en niveis próximos ao 100% nos últimos anos. Detállanse a continuación o número de traballos defendidos nas dúas Facultades no Grao de Mestre/a de Educación Primaira e as súas cualificacións nos cursos máis recentes, sendo a máis frecuente a de Notable **(E24)**.

No curso 2018-19 defendéronse na Facultade de Ciencias da Educación 128 traballos e na Facultade de Formación do Profesorado 104. Na Facultade de Ciencias da Educación as cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2018-19 indican que un 82,03% (105) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 15,62% (20) Aprobado e de 2,3% (3) Matrícula de Honra. Pola súa banda, na Facultade de Formación do Profesorado a cualificación máis frecuente tamén foi a de Notable cun 68,2% (71), seguida de Aprobado cun 24% (25), Sobresaliente cun 6,7% (7) e Suspenso cun 0,9% (1).

No curso 2019-2020, na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 170 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2019-2020 indican que un 47,05% (80) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 43,52% con Sobresaliente (76), 8,23% de aprobados (14) e 1,17% (2) Matrículas de Honra. Na Facultade de Formación do Profesorado defendéronse durante o curso 2019-2020 110 TFGs. A cualificación máis frecuente foi a de Notable cun 46,36% (51 traballos), seguida de Sobresaliente cun 40,90% (45), Aprobado cun 9,09% (10), Matrícula de Honra cun 2,72% (3) e Suspenso cun 0,9% (1).

No curso 2020-21 na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 161 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG indican que un 90,06% (145) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 9,31% con Aprobado (15), 4,96% de Sobresalientes (8), 4,96% (8) Matrículas de Honra e 1 suspenso. Pola súa banda, no Grao de Primaria defendéronse un total de 105 TFGs na FFP-Lugo, entre as dúas edicións do Grao, o Curso Ponte e o Dobre Grao/Simultaneidade de estudos. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 71,42% (75), seguida de Aprobado, cun 20% (21), Sobresaliente, cun 5,71% (6), Suspenso, cun 1,90% (2) e Matrícula de Honra, cun 0,95% (1). A puntuación máis frecuente foi un 7,50 (58 traballos).

No curso 2021/2022 tamén se cumpriu cos Regulamentos do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria nos dous centros, Lugo e Santiago, aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017, pero sen a aplicación dos cambios realizados no curso 2020/2021 para a adaptación a situación derivada da crise sanitaria. Na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse un total de 108 traballos de Fin de Grao no Grao en Mestre/a de Educación Primaria, dos cales 6 obtiveron a cualificación de Matrícula de honra; 88 a de Notable e 14 a de Aprobado. Pola súa parte, na FFP-Lugo, no curso 2021-22 no Grao de Primaria defendéronse un total de 104 traballos, 8 deles por alumnado do Dobre Grao, outros 19 pertencentes ao Curso Ponte do Grao en Mestre de Educación Primaria (2ªed), 1 TFG da primeira edición do Grao en Mestre/a de Educación Primaria e, finalmente, 76 TFG elaborados por alumnado da segunda edición do Grao de Mestre/a de Educación Primaria. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 72,11% (75), seguida de Aprobado, cun 22,88% (22), Suspenso, cun 3,84% (4), Sobresaliente, cun 1,92% (2) e Matrícula de Honra, cun 0,96% (1). A puntuación máis frecuente foi un 7,5 (54 traballos).

Para rematar, no curso 2022/2023 os resultados acadados polos estudantes continuaron a ser satisfactorios. Na FCE-Santiago defendéronse un total de 123 Traballos Fin de Grao do alumnado do Grao de Mestre/a de Educación Primaria, dos cales 4 mereceron a cualificación de Matrícula de honra; 110 a de Notable (a cualificación máis frecuente) e 9 a de Aprobado. Pola súa parte, foron defendidos 25 Traballos Fin de Grao do alumnado do Dobre Grao, dos cales 4 mereceron a cualificación de Matrícula de honra, 19 a de Notable (novamente a cualificación máis presente) e 2 a de Sobresaliente. Pola súa parte, na FFP-Lugo defendéronse un total de 84 traballos, 17 deles por alumnado do Dobre Grao, outros 6 pertencentes ao Curso Ponte do Grao en Mestre de Educación Primaria (2ªed), e, finalmente, 61 TFGs elaborados por alumnado da segunda edición do Grao de Mestre/a de Educación Primaria. A cualificación máis frecuente acadada polos estudantes foi de Notable, cun 70,23% (59 traballos), seguida de Aprobado, cun 14,28% (12), Sobresaliente, cun 7,14% (6), Suspenso, cun 4,76% (4), e Matrícula de Honra, cun 3,57% (3). A puntuación máis frecuente foi un 7,5 (47 traballos).

Na enquisa de **satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23)** o ítem referido a que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada recibiu unha valoración de 3.79 puntos sobre 5 no curso 2019/2020 e 3.59 puntos no curso 2020-21. No curso 2021-22 este dato experimenta un lixeiro ascenso, conseguido una media de 3.86 sobre 5.

Por outra banda, as distintas materias e períodos que articulan o Prácticum supoñen momentos nos que cómpre acreditar a adquisición e aplicación das competencias profesionais previstas. A evolución positiva dos índices de satisfacción do alumnado, os/as titores/as académicos/as e os/as titores/as profesionais coas prácticas externas analízase con detalle no apartado 7.2.

En resumo, os indicadores de cualificacións das materias, as taxas de éxitos dos/as estudantes e os datos dispoñibles sobre a valoración do alumnado, o profesorado e a opinión das persoas externas que titorizan amosan que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións inicias da Memoria de verificación do título e amosan un horizonte de traballo positivo.

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

**7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No apartado 1.1 deste informe xa se fixo mención aos datos correspondentes á demanda da titulación de **Grao en Mestre/a de Educación Primaria**. A **matrícula de acceso (IN03G)** nesta titulación é de 232 estudantes no curso 2022/2023. Neste curso a titulación tivo matriculado un total de 927 estudantes **(IN02G)**, un valor semellante ao do ano anterior, aínda que lixeiramente menor respecto de anos anteriores (1020 en 2018/2019; 1008 en 2019/2020; 943 en 2020/2021 e 925 en 2021/2022). Porén, estes valores son superiores aos da maior parte das titulacións da USC, o que indican que a titulación ten unha demanda sostida desde o momento da súa implantación nos dous centros (FCE-Santiago e FFP-Lugo).

Polo que se refire aos indicadores de resultados, amósanse a continuación, para o curso 2022/2023, os datos correspondentes ao desenvolvemento da titulación:

**Táboa Indicadores de resultados: Grao en Mestre/a de Educación Primaria (Intercampus)**

| Indicadores | FCE-Santiago | FFP-Lugo | INTERCAMPUS | MEDIA USC |
|---|---|---|---|---|
| Taxa de rendemento * | 94.0 | 90.1 | **92.52** | **80,29%** |
| Taxa de éxito * | 97.66 | 95.18 | **96.73** | **87,67%** |
| Taxa de avaliación * | 96.25 | 94.65 | **95.64** | **91,58%** |
| Taxa de graduación * | 86.0 | 92.45 | **88.24** | **61,27%** |
| Duración media dos estudos (anos) * | 4.22 | 4.15 | **4.2** | **4,75** |
| Taxa de abandono no 1º curso * | 0.87 | 3.23 | **1.69** | **15,05%** |
| Taxa de abandono RD 1393/2007 * | 11.0 | 0.0 | **7.19** | **20,63%** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2022-23.

* **Taxa de rendemento:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon.
**Taxa de éxito:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron.
**Taxa de avaliación:** Relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados.
**Taxa de graduación:** Relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis e a súa cohorte de ingreso.
**Duración media dos estudos:** Duración media (en anos) na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos. Amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica.
**Taxa de abandono no 1º curso:** Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X.
**Taxa de abandono RD 1393/2007:** Relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior.

Como se pode observar, as taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación foron superiores á media da USC no curso 2022/2023. Así mesmo, os traslados entre campus xustifican as diferenzas nalgún dos indicadores de abandono.

Polo que se refire ao **Dobre Grao**, en apartados previos xa se foi facilitando algunha información. Así, obsérvase unha demanda sostida por esta simultaneidade de estudos, cun número de solicitudes que supera amplamente as prazas ofertadas desde a súa implantación, unha matrícula consistentemente por riba desas prazas e unha nota media de acceso elevada motivada pola limitación de prazas. Así, no curso 2022-2023 o número de solicitudes foi de 303 na FCE-Santiago e de 194 na FFP-Lugo, un total de 497, mentres que o alumnado matriculado foi de 22 na FFP Lugo e de 18 na FCE-Santiago, un total de 40 persoas por mor do límite de prazas establecido. Pola súa parte, a **nota media de acceso por preinscrición (IN06G)** foi de 12,53 nos dous campus: na FFP-Lugo, 12,132 para o alumnado procedente do Bacharelato e de 12,180 para o alumnado procedente da Formación Profesional na FF-Lugo; na FCE-Santiago, de 13,064 para o alumnado procedente do Bacharelato. En canto á **porcentaxe de estudantes que acceden con puntuación igual ou superior a seis (IN07G)** esta foi do 100% neste curso, ao igual que en todos os anteriores desde a súa implantación. En tanto á procedencia do alumnado, sinalar que maioritariamente provén de Galicia (no curso 2022/2023 eran galegos 16 estudantes na FFP-Lugo e 15 na FCE-Santiago). Polo comentado, en xeral, os datos continúan sendo moi positivos.

Polo que se refire aos indicadores de resultados, amósanse a continuación, para o curso 2022/2023, os datos correspondentes ao desenvolvemento da titulación:

**Táboa Indicadores de resultados: Dobre Grao (Intercampus)**

| Indicadores | FCE-Santiago | FFP-Lugo | INTERCAMPUS | MEDIA USC |
|---|---|---|---|---|
| Taxa de rendemento * | 100.0 | 98.78 | **99.4** | **80,29%** |
| Taxa de éxito * | 100.0 | 99.65 | **99.83** | **87,67%** |
| Taxa de avaliación * | 100.0 | 99.13 | **99.57** | **91,58%** |
| Taxa de graduación * | 83.33 | 90.0 | **86.36** | **61,27%** |
| Duración media dos estudos (anos) * | 5.08 | 5.0 | **5.04** | **4,75** |
| Taxa de abandono no 1º curso * | -5.26 | 12.5 | **2.86** | **15,05%** |
| Taxa de abandono RD 1393/2007 * | 16.67 | 0.0 | **9.09** | **20,63%** |

A seguir, analízase, máis polo miúdo, a evolución, tanto do Grao en Mestre/a de Educación Primaria coma do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, dos diferentes indicadores relativos aos resultados. Primeiramente ofrécense os de Grao de Mestre/a de Educación Primaria e, a seguir, os do Dobre Grao/Simultaneidade de estudos.

En primeiro lugar, coméntase a evolución da **taxa de rendemento (IN34G)**, isto é, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon. En termos xerais, como se amosa na seguinte táboa, este indicador sinala un ascenso progresivo ata o curso 2020/2021 pasando de 89.52% a 94.65 en 2020/2021 e un lixeiro descenso no curso 2021/2022, que se mantén en 2022/2023.

**Táboa Evolución da taxa de rendemento na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de | 90.99 | 94.69 | 96.6 | 93.74 | 94.0 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Educación Primaria (FCE) | | | | | |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 87.2 | 91.69 | 91.76 | 90.82 | 90.1 |
| **Total (%)** | **89.52** | **93.51** | **94.65** | **92.59** | **92.52** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

En canto ao **Dobre Grao**, como se amosa na seguinte táboa, este indicador (taxa de rendemento, IN34G) amosa cifras moi próximas ao 100.0% no curso 2019/2020 e no que se refire a este autoinforme, 2022/2023: 99.07 e 99.83, respectivamente. Así mesmo, as cifras dos outros anos tamén son moi elevadas e superan o 97.0%.

**Táboa Evolución da taxa de rendemento no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | 99,75 | 100,00 | 97,05 | 98,76 | 100.0 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | 98,03 | 98,33 | 98,10 | 97,10 | 98.78 |
| **Total (%)** | **98,78** | **99,07** | **97,59** | **97,96** | **99.83** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

En canto á **taxa de éxito (IN35G)**, é dicir, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron, os datos son igualmente positivos, manténdose en xeral en niveis superiores ao 95% nos dous centros desde o curso 2018/2019, como se pode observar na táboa que segue:

**Táboa Evolución da taxa de éxito na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 97.21 | 98.83 | 98.92 | 97.9 | 97.66 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 93.08 | 96.05 | 95.18 | 95.32 | 95.18 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%)** | **95.61** | **97.74** | **97.43** | **96.89** | **96.73** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Pola súa parte, o **Dobre Grao** presenta na **taxa de éxito (IN35G)** novamente datos moi positivos, a rentes do 100%, desde o curso 2018/2019, sendo a cifra do curso 2022/2023 a máis elevada (99.83%), como se pode observar na seguinte táboa:

**Táboa Evolución da taxa de éxito no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | 100.0 | 100.0 | 99.31 | 99.72 | 100.0 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | 99.6 | 99.44 | 99,89 | 99,80 | 99.65 |
| **Total (%)** | **99.78** | **99.69** | **99.61** | **99.76** | **99.83** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

A **taxa de avaliación (IN36G)**, é dicir, a relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados, experimenta así mesmo unha evolución positiva, superando o 95% a partir do curso 2019/2020 e cun maior pico no curso 2020/2021 (ver táboa seguinte):

**Táboa Evolución da taxa de avaliación na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 93.6 | 95.81 | 97.65 | 95.75 | 96.25 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 93.68 | 95.45 | 96.4 | 95.27 | 94.65 |
| **Total (%)** | **93.63** | **95.67** | **97.15** | **95.56** | **95.64** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

A **Simultaneidade de estudos/Dobre Grao** en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria no indicador relacionado coa **taxa de avaliación (IN36G)** segue mantendo a excelente evolución dos últimos cinco anos, moi próxima ao 100%, como se pode observar na táboa seguinte:

**Táboa Evolución da taxa de avaliación no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | 99.75 | 100.00 | 97.72 | 99.04 | 100.0 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | 98.43 | 98.89 | 98.21 | 97.29 | 99.13 |
| **Total (%)** | **99.00** | **99.38** | **97.97** | **98.20** | **99.57** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Pola súa banda, a análise da **taxa de graduación (IN37G)** no Grao en Mestre/a de Educación Primaria amosa, do mesmo xeito que outros indicadores, unha evolución satisfactoria, pasando do 72.77% de media no curso 2018/2019 ao 88.24% do 2022/2023, sendo significativa nos dous centros e sendo as puntuacións máis altas na serie dos últimos anos, mesmo superior ás medias da USC dispoñibles (ver táboa seguinte):

**Táboa Evolución da taxa de graduación na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 70.21 | 70.97 | 83.05 | 85.58 | 86.0 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 77.11 | 80.95 | 91.46 | 87.27 | 92.45 |
| **Total (%)** | **72.77** | **74.33** | **86.5** | **86.16** | **88.24** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

No **Dobre Grao**, pola súa parte, a **taxa de graduación (IN37G)**, dispoñible desde o curso 2021/2022, amosa, igual que outros indicadores, cifras satisfactorias que superan o 80%. Así, tal como figura na seguinte táboa, no curso 2021/2022 foi de 81,82%, mentres que no seguinte, 2022/2023, incrementou lixeiramente: 86.36%.

**Táboa Evolución da taxa de graduación no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | - | - | - | - | 83.33 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria | - | - | - | **81.82** | 90.0 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| (FFP) | | | | | |
| **Total (%)** | **-** | **-** | **-** | **81.82** | **86.36** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

A **duración media dos estudos (IN38G)**, como xa se comentou no apartado 1.5, mantense no **Grao en Mestre/a de Eduación Primaria** con escasas variacións desde o curso 2018/2019 a nivel Intercampus, como se aprecia na táboa que segue:

**Táboa Evolución da duración media dos estudos na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 4.16 | 4.41 | 4.34 | 4.1 | 4.22 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 4.36 | 4.12 | 4.38 | 4.35 | 4.15 |
| **Total (%)** | **4.24** | **4.3** | **4.35** | **4.19** | **4.2** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

No que respecta ao **Dobre Grao**, **a duración media dos estudos (IN38G**), mantense en 5 anos, con mínimas e insignificativas variacións no último curso.

**Táboa Evolución da duración media dos estudos no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | - | - | | 5 | 5.08 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | - | - | 5.0 | 5.0 | 5.0 |
| **Total (%)** | **-** | **-** | 5.0 | 5.0 | 5.04 |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

En canto á **taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) no Grao en Mestre/a de Educación Primaria**, é dicir, a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X, apréciase unha diminución moi importante desde o curso 2018/2019, na que era do 12.526%, ata o curso 2022/2023, onde é do 1.69%.

**Táboa Evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 11.86 | 3.85 | 11.0 | 9.48 | 0.87 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 13.41 | 5.45 | -5.66 | 3.23 | 3.23 |
| **Total (%)** | **12.5** | **4.4** | **5.23** | **7.3** | **1.69** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Así mesmo, destacar que os abandonos adoitan producirse maiormente no primeiro curso por causas moi variadas que inclúen desde eleccións inadecuadas ata baixo rendemento académico ou non superar o mínimo de créditos.

Pola súa parte, no **Dobre Grao a taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G)** amosa as cifras máis baixas nos dous últimos cursos, tal e como se pode ver na seguinte táboa:

**Táboa Evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | - | 8.33 | 29.41 | -5.0 | -5.26 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | 9.09 | 0.0 | 11.76 | 0.0 | 12.5 |
| **Total (%)** | 9.09 | **4.55** | **20.59** | **-2.7** | **2.86** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Finalmente, en canto á **taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)**, isto é, a relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior, as cifras descenderon a menos da metade desde o curso 2019/2020 no **Grao en Mestre/a de Educación Primaria**, data na que se sitúa a cifra máis alta, na que a media era de 20.32, ata o curso 2022/2023, no que a media foi de 7.19%.

**Táboa Evolución da taxa de abandono RD 1393/2007 na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 17.73 | 22.58 | 11.86 | 8.65 | 11.0 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 15.66 | 15.87 | 2.44 | 5.45 | 0.00 |
| **Total (%)** | **16.96** | **20.32** | **8.00** | **7.55** | **7.19** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Pola súa parte, no **Dobre Grao** a **taxa de abandono RD 1393/2007 (IN41G)** mantense nos dous últimos datos dos que se ten información, tal como se pode ver na seguinte táboa:

**Táboa Evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FCE) | - | - | - | - | 16.67 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria (FFP) | - | - | - | 9.09 | 0.0 |
| **Total (%)** | - | - | - | **9.09** | **9.09** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

En síntese, obsérvase en liñas xerais unha evolución satisfactoria dos indicadores de demanda e de resultados da titulación, así como da dobre titulación.

**7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.**

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ampliarase neste apartado a reflexión sobre o índices de satisfacción amosados por estudantes, profesorado, persoal de apoio e persoas egresadas, nalgúns casos xa apuntados con anterioridade. Os comentarios referiranse primeiramente ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria e, a seguir, ao Dobre Grao/Simultaneidade de estudos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Grao en Mestre/a de Educación Primaria, e terán en conta os datos dispoñibles, xa que dalgúns indicadores non foi posible obter datos pola situación de crise sanitaria derivada da COVID-19. Os datos globais das enquisas, así como os datos específicos de satisfacción con ítems concretos, son tidos en conta á hora de deseñar os plans de melloras anuais nos Informes de Seguimento dos títulos.

No **Grao en Mestre/a de Educación Primaria**, con respecto á **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G)**, e como se pode apreciar na seguinte táboa, esta supera os 4 puntos (sobre 5) desde o curso 2020/2021, acadando a puntuación maior neste curso 2022/2023, no que a media foi de 4.15 (sobre 5).

**Táboa Evolución da satisfacción do alumnado coa docencia recibida na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 3.91 | 3.91 | 3.91 | 4.22 | 3.93 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 3.96 | - | - | 4.04 | 4.31 |
| **Total (%)** | **3.93** | **3.96** | **4.06** | **4.13** | **4.15** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Os aspectos mellor valorados neste 2022/2023, segundo a información recollida en **INF.13**, fan referencia ao cumprimento do programa de traballo previsto (4.40) e á utilidade da axuda recibida nas titorías (4.35). Os menos valorados son os ítems referidos á mellora do nivel do alumnado en relación á materia (4.00) e ao aproveitamento da asistencia á aula para a comprensión dos contidos (3.94). Con todo, acádanse valores positivos que se achegan ou superan os 4 puntos sobre 5.

Con respecto ás porcentaxes de participación na enquisa, esta foi do 20% (12.43% en FCE-Santiago e 26.97% en FFP-Lugo) en 2022/2023, unha porcentaxe menor que nos anos anteriores (40.0% de participación en 2018/2019; 30.0% en 2019/2020; ausencia de datos en 2020/2021 e 30% no curso 2021/2022).

Pola súa parte, no **Dobre Grao**, con respecto á **satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G)**, e como se pode apreciar na seguinte táboa, esta supera os 4 puntos (sobre 5) desde o curso 2020/2021, mantendo a media de 4.02 neste curso 2022/2023.

**Táboa Evolución da satisfacción do alumnado do Dobre Grao coa docencia recibida**

**na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE] | 3,43 | 3,64 | 3,81 | 4,00 | 3,67 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP] | 4,26 | 4,28 | 4,38 | 4,24 | 4,17 |
| **Total** | **3,89** | **3,99** | **4,14** | **4,12** | **4,02** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2022-23 e 7000696_TITULACION_INF_13_2022-2023

Os aspectos mellor valorados neste 2022/2023, segundo a información recollida en **INF.13**, fan referencia á resolución das dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico) (4.30); ao cumprimento do programa co plan de traballo previsto (4.29) e á resolución dos contidos de acordo co cronograma temporal da materia (4.28). Os menos valorados son os ítems referidos a se o/a docente fai que a asistencia á clase sexa proveitosa para a adquisición dos contidos (3.69); mellora o nivel de partida do alumnado en relación á materia (3.75) e se consegue facer ver no alumnado a importancia da materia e o seu interesa para a súa formación (3.85). Con todo, acádanse valores positivos que se achegan ou superan os 4 puntos sobre 5.

Con respecto ás porcentaxes de participación na enquisa, estas son moi positivas, pois xiran ao redor ou superan o 50% de participación global. Así, no curso 2018/2019, foi do 70% de participación global (72,41% na FCE-Santiago e 66,67% na FFP-Lugo); no curso 2019/2020, do 47% (50% na FCE-Santiago e 44,44% na FFP-Lugo); no curso 2021/2022, de 49% (51,95% na FCE-Santiago e 46,15% na FFP-Lugo) e no 2022/2023 do 47% (26.67 na FCE-Santiago e 66.67 na FFP-Lugo) (para o curso 2020/2021 carécese de información) **(INF.13).**

Polo que respecta á **satisfacción do alumnado coas prácticas externas (IN19G)**, no **Grao en Mestre/a de Educación Primaria**, se ben é verdade que para o curso 2019/2020 non se ten información sobre este indicador por mor da situación sanitaria vivida, desde o curso 2020/2021 o alumnado amosa un grao de satisfacción superior a 4 puntos (1-5), que se vén incrementando lixeiramente cada ano, sendo o curso 2022/2023 o que presenta a cifra máis elevada, 4.36, conforme se pode observar na seguinte táboa.

**Táboa Evolución da satisfacción do alumnado coas prácticas externas na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-23 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 4.00 | - | 4.42 | 4.61 | 4.29 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 4.44 | - | 4.00 | - | 4.5 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%)** | **4.2** | **-** | **4.21** | **-** | **4.36** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

No **Dobre Grao**, pola súa parte, polo que respecta cuestión, **satisfacción do alumnado coas prácticas externas (IN19G),** desde o curso 2021/2022 o alumnado amosa un grao de satisfacción superior aos 4 puntos (1-5 puntos), cifra que se mantén nos dous últimos anos.

**Táboa Evolución da satisfacción do alumnado coas prácticas externas no Dobre Grao na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE] | - | - | 3.5 | 4.22 | 4.13 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP] | - | - | 4.0 | 4.22 | 4.67 |
| **Total** | **-** | **-** | **3.75** | **4.22** | **4.22** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2022-23

En canto ao alumnado que xa rematou os estudos, os informes das enquisas de **grao de satisfacción xeral do alumnado egresado coa titulación (IN42G)** amosan que **no Grao en Mestre/a de Educación Primaria** os datos son superiores aos 3 puntos nos cursos dos que se dispón de información. Con todo, a participación adoitaba ser baixa nesas enquisas e, por cuestións de protección de datos, o acceso á información difícil ou imposible, tal como amosa a seguinte táboa:

**Táboa Evolución do grado de satisfacción xeral do alumnado egresado coa titulación na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 3.06 | - | 3.39 | 3.32 | - |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 3.67 | - | 3.39 | 3.32 | - |
| **Total (%)** | **3.34** | **-** | **3.39** | **-** | **-** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Con respecto ao nivel de **satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G)**, os últimos datos aos que se ten acceso, correspondentes ao curso 2018/2019, indican un grao de satisfacción de 3.12 (2.95 da FCE-Santiago e 3.23 da FFP-Lugo). O mesmo acontece coa información relacionada co **grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G),** que nese último curso con información dispoñible, presenta un grao de satisfacción de 3.86 (3.3 na FCE-Santiago e 4 na FFP).

Pola súa parte, no **Dobre Grao**, os informes das enquisas de **grao de satisfacción xeral do alumnado egresado coa titulación (IN42G)** amosan que os datos son superiores aos 3 puntos nos cursos dos que se dispón de información. Con todo, a participación adoitaba ser baixa nesas enquisas e, por cuestións de protección de datos, o acceso á información difícil ou imposible, tal como amosa a seguinte táboa:

**Táboa Evolución grado de satisfacción xeral do alumnado egresado coa titulación na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE] | - | - | 3.39 | 3.32 | - |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP] | - | - | 3.39 | 3.32 | - |
| **Total** | | | **3.39** | **-** | **-** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2022-23

Con respecto ao nivel de **satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G)**, non se dispón de información. Ao igual que coa información relacionada co **grao de satisfacción dos egresados cos servizos (IN33G),** da que tampouco é posible acceder á información.

No referente á **satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G), no Grao en Mestre/a de Educación Primaria** a valoración móvese en valores positivos que superan os 4 puntos sobre 5, sendo o 4.28 do curso 2022/2023 a segunda mellor puntuación dos últimos anos.

**Táboa Evolución da satisfacción do profesorado coa docencia impartida na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | 4.23 | 4.18 | 4.21 | 4.34 | 4.27 |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 4.21 | - | - | 4.57 | 4.3 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total (%)** | **4.22** | **4.15** | **4.15** | **4.45** | **4.28** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2021-22

Neste senso, seguindo o **Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida** (**INF.14**), os ítems máis valorados globalmente en 2022-2023, son o correcto trato cos/coas estudantes (4.89) e a accesibilidade que ten o alumnado durante as titorías (4.84), seguido pola información que se lle dá ao alumnado en relación aos criterios de avaliación das materias (4.84). Os menos valorados son os que fan referencia á adecuación da coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3.71); á participación crítica e activamente no desenvolvemento das aulas por parte do alumnado (3.88) e á adecuación do material e servizo de apoio para o desenvolvemento da materia (3.90). Con todo, igual que sucede coa enquisa de satisfacción do alumnado, pódese observar que os ítems con menor puntuación non acadan niveis baixos.

Cabe sinalar que a porcentaxe de participación acadada para o curso 2021/2022 foi de 47.20 (43.62% na FCE-Santiago e 50.77% na FFP-Lugo), cifra que se incremento no curso 2022/2023, no que se acadou un 57.91% de participación (55.43% na FCE-Santiago e 60.38 na FFP-Lugo).

Polo que respecta á **satisfacción do profesorado coas accións formativas (INF.10)**, os datos dispoñibles desagréganse no apartado 4.1, dedicado ao persoal académico. En conxunto, os indicadores amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas polo PDI, que se mantén desde o curso 2014-15 en valores superiores a 4 puntos sobre 5 e cunha boa taxa media de resposta, na contorna do 50%. A enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas foi cuberta no curso 2022/2023 por preto do 40% do profesorado participante, e a satisfacción coa formación acadou 4,59 puntos sobre 5.

En canto ao **Dobre Grao**, no referente á **satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G),** a valoración móvese en valores positivos que superan os 4 puntos sobre 5, sendo o 4.25 do curso 2022/2023 a segunda mellor puntuación dos últimos anos.

**Táboa Evolución da satisfacción do profesorado coa docencia impartida na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE] | 4.21 | 4.09 | 4.11 | 4.25 | 4.2 |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP] | 4.18 | 4.18 | 4.1 | 4.54 | 4.3 |
| **Total** | **4.19** | **4.15** | **4.1** | **4.39** | **4.25** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2022-23

Neste senso, seguindo o **Informe da enquisa do profesorado coa docencia impartida (INF.14),** os ítems máis valorados globalmente en 2022-2023 son os relacionados coa accesibilidade que o profesorado lle amosa ao alumnado nas súas clases e titorías (4.85) e os relacionados co trato correcto que mantén o profesorado cos estudantes (4.84) (estes ítems coincidían cos existentes no curso 2018/2019).
Os menos valorados son os que fan referencia á participación crítica e activa no desenvolvemento das clases por parte do alumnado segundo o profesorado (3.75) e á adecuación da coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3.76). Con todo, igual que sucede coa enquisa de satisfacción do alumnado, pódese observar que os ítems con menor puntuación non acadan niveis baixos situándose moi por riba do 3 na escala 1-5.

En canto á porcentaxe de participación, destacar que no curso 2020/2021 se acadou un 46.29% de participación (41.90%

na FCE-Santiago e 50.68% na FFP-Lugo), que se incrementou máis de dez puntos no curso 2022/2023 en que o resultado foi de 59.06 % (56.57% na FCE-Santiago e 61.54% en FFP-Lugo).

Polo que respecta á **satisfacción do profesorado coas accións formativas (INF.10)**, os datos dispoñibles desagréganse no apartado 4.1, dedicado ao persoal académico. En conxunto, os indicadores amosan un grao de satisfacción xeral alto coas actividades formativas realizadas polo PDI, que se mantén desde o curso 2014-15 en valores superiores a 4 puntos sobre 5 e cunha boa taxa media de resposta, na contorna do 50%. Do mesmo xeito que ocorría no Grao de Primaria, a enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas foi cuberto neste curso 2022/2023 por aproximadamente o 40% do profesorado participante, e a satisfacción coa formación acadou 4,59 puntos sobre 5.

No referente á **Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (IN21G)** no **Grao en Mestre en Educación Primaria** os datos das enquisas realizadas ao profesorado que actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum son positivos. Neste sentido, nos cursos nos que se ten acceso á información, supéranse os 4 puntos (valoración 1-5), o que amosa a satisfacción xeral deste grupo co programa de prácticas externas. Con todo, non existe información dos últimos dous anos.

**Táboa Evolución da satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas no DG impartido na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FCE) | - | - | 4.38 | - | - |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | - | - | 4.4 | - | - |
| **Total (%)** | **4.74** | **-** | **4.39** | **-** | **-** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2021-22

En canto á **satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas (IN20G)** pódese observar que a puntuación obtida supera os 4.2 puntos (valoración 1-5) e que o curso 2022/2023 é o que maior puntuación obtén cun 4.39.

**Táboa Evolución da satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-22 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación | 4.31 | - | 4.8 | 4.37 | 4.38 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Primaria (FCE) | | | | | |
| Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (FFP) | 4.31 | - | - | 4.28 | 4.44 |
| **Total (%)** | **4.31** | **-** | **-** | **-** | **4.39** |

**Fonte:** 2502229_Informe de Indicadores 2018-19 a 2022-23

Pola súa parte, **no Dobre Grao**, en canto á **Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (IN21G)** só se ten acceso á información relacionada co curso 2020/2021, na que os datos das enquisas realizadas ao profesorado que actúa como supervisor ou titor académico do Prácticum tamén son positivos. Así, a puntuación aproxímase aos 5 puntos cun 4.57 de nota global Intercentros (4.71 na FCE-Santiago e 4.93 na FFP-Lugo).

**Táboa Evolución da satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas no DG impartido na FCE-Santiago e na FFP-Lugo**

| | 2018-19 | 2019-20 | 2020-21 | 2021-2022 | 2022-2023 |
|---|---|---|---|---|---|
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FCE] | - | - | 4.71 | - | - |
| Dobre Grao en Mestre de Educación Infantil e en Mestre de Educación Primaria [FFP] | - | - | 4.93 | - | - |
| **Total** | **-** | **-** | **4.57** | **-** | **-** |

**Fonte:** 7000696_Informe de Indicadores 2022-23

En canto á **satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas (IN20G)** pódese observar que no curso 2022/2023, o único ano do que se ofrece a nota global Intercampus, a puntuación obtida supera os 4 puntos, cunha nota global de 4.33 puntos (valoración 1-5). No curso 2020/2021, as notas desagregadas da FCE-Santiago e da FFP-Lugo tamén superaban esa puntuación, cun 4.67 e 4.4 respectivamente.

Finalmente, polo que respecta ao **grao de satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo que desenvolven e coas accións formativas**, a información referida a este aspecto (valoracións e porcentaxes de participación) atópase no apartado 4.2. dedicado ao persoal de apoio. Os datos desagregados nesa sección son en xeral positivos, tanto para o Grao en Mestre/a de Educación Primaria, coma para o Dobre Grao, polo que concirne á satisfacción do PAS co labor desenvolvido como no que se refire á súa satisfacción coas actividades de formación.

En síntese, obsérvase en liñas xerais unha evolución satisfactoria dos indicadores de demanda e de resultados da titulación. así como da dobre titulación.

**7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.**

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os resultados de inserción laboral do título son moi favorables. As persoas egresadas no curso 2013/2014 (últimos datos dispoñibles) acadan unha boa taxa de ocupación profesional tanto no primeiro coma no segundo ano despois de rematar os seus estudos. A taxa de afiliación ascende considerablemente no segundo ano. Aínda que no tipo de contrato non se rexistran diferenzas significativas, o dato máis salientable refírese á xornada laboral, pois a dedicación de menos de media xornada descende no segundo ano e ese cambio vai en favor da xornada a templo completo e a de máis de media xornada.

Porén, o dato que indica que o perfil formativo do título se adecúa para a súa implementación profesional é o grupo de cotización, pois no segundo ano os/as egresados/as aumentan a súa pertenza ao universitario. De feito, xa no primeiro ano algo máis da metade acadan este status que se consolida e incrementa considerablemente no seguinte ano no mercado laboral.

| 3.MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS | |
|---|---|
| MODIFICACIÓN | XUSTIFICACIÓN |
| | |

| 4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES | | | |
|---|---|---|---|
| **Criterios** | **Nº** | **Evidencia / Indicador** | **Documento/enlace** |
| Todos | E1 | Memoria Vixente do título | ACSUG |
| Todos | E2 | Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora | ACSUG |
| 1 | E3 | Análise do perfil real de ingreso/egreso | Autoinforme, Criterio 1 |
| 1,6 | E4 | Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe) | Facultad de Ciencias de la Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)<br><br>Facultad de Formación del Profesorado \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) |
| 1,3 | E5 | Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión) | Carpeta E5_Actas_FCE_FFP (rar)<br>Carpeta das actas da FFP-Lugo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | E6 | Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos | Carpeta E6_Recoñecementos 2021/2022 e 2022/2023.rar<br>Ligazón FFP |
| 1,6 | E8 | Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe | Autoinforme, Criterios 1 e 6 |
| 1,7 | I1 | Número de estudantes de novo ingreso por curso académico | 2502229_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.16_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.CiUG_2022-2023 |
| 1 | I2 | No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia | 2502229 _I2_2022-2023 |
| 1 | I3 | Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados) | 2502229_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 5016_INF.03_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | E9 | Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*") | Facultad de Ciencias de la Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>Facultad de Formación del Profesorado \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)<br><br>Grado en Maestro/a de Educación Primaria \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)<br><br>Grado en Maestro en Educación Primaria \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) |
| 3 | E10 | Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos) | Calidade \| Facultade de Ciencias da Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>Calidade \| Facultade de Formación do Profesorado \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) |
| 3 | E11 | Evidencias da implantación dos procedimientos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, enseñanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da | Calidade \| Facultade de Ciencias da Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>Calidade \| Facultade de Formación do Profesorado \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública) | |
| 3,7 | E12 | Plans de mellora derivados da implantación do SGC | Calidade \| Facultade de Ciencias da Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>Calidade \| Facultade de Formación do Profesorado \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) |
| 3,7 | E13 | Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,…) | Autoinforme, Criterios 3 e 7<br>Actas o informes |
| Todos | I4 | Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título | 2502229_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.04_2022-2023 |
| | | | 5016_INF.05_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.06_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.07_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.08_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.09_2022-2023 |
| | | | 5016_INF.10_2022-2023 |
| | | | 5016_INF.11_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.13_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.14_2022-2023 |
| | | | 5016_INF.21_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.22_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.23_2022-2023 |
| | | | 2502229_Informe_de_indicadores_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | I5 | Resultados dos indicadores que integran o SGC | 2502229_P.Ind_2022-2023<br>2502229_Informe_de_indicadores_2022-2023 |
| 4 | E15 | Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc) | 2502229_E15_2022-2023 |
| 4 | E16 | Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado) | 5016_E16_2022-2023 |
| 4 | E17 | Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, … ) | Autoinforme, Criterio 4<br>Actas e informes |
| 4 | I6 | Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas | 5016_I6-I7_2022-2023 |
| 4 | I7 | Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e | 5016_I6-I7_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | en actividades formativas específicas | |
| 4 | I8 | Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación , resultados, evolución,… ) | 2502229_INF.13_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.14_2022-2023 |
| 4 | I10 | Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título) | 5016_I10_2022-2023 |
| 5 | E18 | Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título | Equipamentos \| Facultade de Ciencias da Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>URL do Centro FFP |
| 5 | E19 | Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida | Plan de Acción Titorial \| Facultade de Ciencias da Educación \| Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal) (Sede 1)<br><br>FFP Plan FORTE |
| 5 | E20 | Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares | Carpeta E20_FCE<br>Información FFP-Lugo |
| 5 | I11 | Distribución alumnado por centros de prácticas | Enlace web ou PDF<br>Carpeta I11 FCE<br>Información FFP-Lugo |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | E22 | Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia | Campus virtual<br>Carpeta E22 |
| 6 | E24 | Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación) | Carpeta E24<br>FFP-Lugo 22/23 |
| 6 | E25 | Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título | 2502229_INF.15_2022-2023 |
| 6 | E26 | Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe | Autoinforme, Criterio 6<br>Actas o informes |
| 7 | E30 | Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU) | Autoinforme, Criterio 7<br>Actas o informes |
| 6,7 | I12 | Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): | 2502229_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.17_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.18_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.19_2022-2023 |
| | | | 2502229_ INF_SIIU_2022-2023 |
| | | | 2502229_Informe_de_indicadores_2022-2023 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | - Taxa de graduación<br>- Taxa de abandono<br>- Taxa de eficiencia<br>- Taxa de rendimiento<br>- Taxa de éxito<br>- Taxa de avaliación | |
| 7 | I13 | Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso | 2502229_P.Ind_2022-2023 |
| | | | 2502229_INF.CiUG_2022-2023 |
| | | | 2502229_Informe_de_indicadores_2022-2023 |
| 7 | I14 | Resultados de inserción laboral | 2502229 _EIL-SIIU_2022-2023<br>2502229_EIL-ACSUG _2022-2023 |
| 1,4,5 | I15 | Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,….) | 2502229_P.Ind_2022-2023<br>2502229_Informe_de_indicadores_2022-2023<br>2502229_MedUSC_cursocelda |

***Ver la informacíon pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guia de seguimiento/acreditación, pag 35).**

- Plan de Melloras Finalizadas Curso 2022-2023

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-01 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo |
| Análise causa | Para atender á cuestión da carga de traballo do alumnado, o Documento Marco de Funcións das Coordinacións da FFP establece que os coordinadores de curso recollerán e difundirán entre o profesorado información sobre a carga de traballos do alumnado. A ese respecto, puxéronse en marcha mecanismos para a recollida sistemática deses datos que permitan visionar a carga total de tarefas encargadas ao alumnado cada semestre. No curso anterior (2021-2022) creáronse calendarios de tarefas de edición conxunta que cómpre publicitar debidamente ao profesorado para que aumente a cooperación á hora de cubrilos e que polo tanto a ferramenta sexa de utilidade. |
| Definición/ descrición proposta | Baixo a supervisión da coordinación de título, os coordinadores de curso publicitarán e poñerán a disposición do profesorado de cada curso e semestre por medio das aulas de coordinación do Campus Virtual unhas táboas-calendario, onde os docentes poderán sinalar as tarefas de maior peso encargadas ao alumnado para cada materia. Dese xeito, o profesorado poderá obter unha visión xeral da carga de traballos asignados ao alumnado e facer os axustes de prazos de considere oportunos. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |

| | |
|---|---|
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-01 |
| Descrición Comprobación | A acción executouse satisfactoriamente, tal e como consta na comprobación das tarefas . |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 1 | AM-MP-01.01 |
| Descrición tarefa | As coordinacións de curso e título, por medio das canles pertinentes (campus virtual, correo institucional, reunións de profesorado en Xunta de Facultade, etc.) publicitarán a existencia de estes documentos e a conveniencia de cubrilos, solicitando a cooperación dos docentes, co que se agarda que a acción se poida executar de xeito máis satisfactorio. |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-01.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Durante o curso 2022-23, as coordinacións de título e curso dos dous Graos (Infantil e Primaria) procederon a publicitar os calendarios de tarefas ao profesorado, solicitando a súa cooperación para cubrilos. O grao de participación do profesorado aumentou con respecto ao curso anterior. Considérase unha iniciativa útil para visionar a carga de traballo |

| | |
|---|---|
| | do alumnado nos semestres, polo que a ferramenta continuará a implementarse de xeito protocolizado en vindeiros cursos. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-02 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo |
| Análise causa | Cómpre garantir as horas mínimas de estadía nos centros de prácticas para as materias de Prácticum I e II, e tratar de aumentalas na medida do posible, especialmente no Prácticum I. |
| Definición/ descrición proposta | Desde a FFP estudiarase este aspecto para o curso 2023-24, revisando os horarios do alumnado e o calendario de prácticas, de xeito que se garanta o tempo establecido de estadía do alumnado nos centros. No Prácticum II xa se garante, posto que o alumnado soamente cursa nese semestre o Prácticum e o TFG. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Non eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-02 |
| Descrición Comprobación | A acción foi executada, pero non é posible facer cambios nos calendarios |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| Tarefa 1 | AM-MP-02.01 |
|---|---|
| Descrición tarefa | Tarea 1. Revisar os horarios das materias que se imparten na Facultade no semestre que coincide coas prácticas, para ver como se pode adiantar a incorporación do alumnado aos centros de prácticas o tiempo necesario para garantir as horas mínimas de estadía do alumnado nos centros no Prácticum I Responsable: Santiago López Gómez e Olaya Santamaría Queiruga |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-02.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Na xuntanza da Comisión de Calidade do 25 de maio de 2023, no punto correspondente ao debate sobre a Memoria de Calidade do curso 21-22, revisouse o plan de melloras abertas para o curso 22-23 que figura nese documento, e informouse, con respecto a esta acción, de que desde o Vicedecanato e a Coordinación do Prácticum se procedeu á revisión dos horarios do alumnado e o alendario do Prácticum I para estudar posibles modificacións. Concluíuse que non é viable facer cambios por dúas razóns: en primeiro lugar, tendo en conta as materias que o alumnado ten que cursar na Facultade ese semestre e o seu número de créditos, non é posible aumentar o número de sesións semanais para deixar máis horas para o Prácticum sen sobrecargar excesivamente ao alumnado. Por outra banda, atopáronse tamén dificultades relativas á dispoñibilidade de espazos para aumentar as horas de docencia de materias de Didáctica da Expresión Corporal. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |

| | |
|---|---|
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-03 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo |
| Análise causa | Obsérvase que no grao continúan a ter peso sistemas de avaliación e metodoloxías docentes tradicionais. |
| Definición/ descrición proposta | Cómpre fomentar o traballo con metodoloxías innovadoras, que permitan ao alumnado familiarizarse con elas e transferilas ás aulas no seu futuro labor docente. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-03 |
| Descrición Comprobación | Esta acción de mellora completouse con éxito, tal e como pode verse na comprobación das tarefas |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | A resposta obtida apunta cara á conveniencia de continuar o traballo nesta liña organizando actividades similares en vindeiros cursos. |

| Tarefa 1 | AM-MP-03.01 |
|---|---|
| Descrición tarefa | Favorecer a formación de profesorado e alumnado en metodoloxías innovadoras mediante a organización do I Simposio de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova), previsto para o 27 de outubro de 2022. |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-03.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | O 27 de outubro de 2022 desenvolveuse na FFP unha actividade de 10 horas de tipo transversal o I Simposio Internacional de Formación e Innovación Educativa (FORINNOVA) (http://forinnova.net; https://grupomestura.net/). Trátase dun ciclo de conferencias e mesas redondas que versaron sobre a temática da formación e innovación educativa. Contou con ponencias de ata 12 profesionais e expertos/as de relevancia. O Simposio tivo como eixo vertebrador as diferentes etapas educativas; especialmente de infantil e primaria, así como ensino superior. Organizadores: Facultade de Formación do Profesorado da USC, Grupos de Investigación MESTURA e GEFIL da USC. Universidad Federico Hernández y Carvajal (República Dominicana), Universidad de Playa Ancha (Chile). Este simposio contou coa colaboración de importantes entidades radicadas en Lugo e outras a nivel nacional e internacional. Entre as mesmas, destacamos o Centro Asociado da UNED de Lugo, a Asociación educativa lucense Nenea , Centro de Formación e Recursos de Lugo , o Fórum Europeo de Administradores da Educación (FEAE - http://feae.eu) as empresas Maxina e Anthology, a Deputación e o Concello de Lugo, entre outras. Compre destacar tamén o amplo número de investigadores e expertos/as que formaron parte do |

| | |
|---|---|
| | Comité Científico, académicos de Universidades de España, Costa Rica, Países Baixos, Reino Unido, Portugal, República Dominicana, Ecuador, Colombia e República Checa. Asistentes: O número de inscritos PRESENCIAIS ao I Simposio de Formación e Innovación Educativa foi dun total de 197 persoas. Asemade, asistiron virtualmente ao evento, a través de Microsoft TEAMS, un total de 107 persoas. Co fin de coñecer a percepción dos asistentes presenciais ao Simposio, creouse un formulario para coñecer a súa opinión e que valorasen de xeito voluntario o evento, obténdose resultados moi positivos. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | A resposta obtida apunta cara á conveniencia de continuar o traballo nesta liña organizando actividades similares en vindeiros cursos. |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-04 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 5. Recursos materiais e servizos. Ámbito: FFP-Lugo |
| Análise causa | Para mellorar a calidade da formación recibida nos periodos de prácticas é recomendable procurar que os titores dos centros participen na revisión do instrumento de avaliación do alumnado en prácticas. |
| Definición/ descrición proposta | Revisar o instrumento de avaliación do alumnado en prácticas en colaboración cos docentes titores dos centros. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-04 |
| Descrición Comprobación | A acción completouse, tal e como figura na comprobación das tarefas |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 1 | AM-MP-04.01 |

| | |
|---|---|
| Descrición tarefa | Atender á revisión do instrumento de avaliación do alumnado nos contactos iniciais e finais entre titores de centros e profesorado supervisor da Facultade, así como na Xornada Formativa bianual (Foro de Titores) da FFP, baixo a supervisión da Coordinación Xeral do Prácticum. Responsable: Olaya Santamaría Queiruga |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-04.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | O profesorado supervisor da Facultade introduce as rúbricas de avaliación nos seus contactos co profesorado titor dos centros. Estas rúbricas conteñen apartados específicos para recoller suxestións dos titores sobre as propias rúbricas, as cales son empregadas para mellorar as mesmas. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-05 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo e FCE-Santiago |
| Análise causa | Cómpre favorecer a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, animando ao profesorado a participar nas convocatorias anuais da USC (de habelas) relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC, así como en actividades relacionadas con proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS). |
| Definición/ descrición proposta | Fomentar a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, a adopción de metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa realización de tarefas ao servizo á comunidade, e a realización de actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para a difusión do coñecemento. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-05 |
| Descrición Comprobación | A acción de mellora desenvolveuse como estaba previsto na Tarefa 2. A Tarefa 1 non se puido executar ao non constar convocatorias no curso 22-23 |

| | |
|---|---|
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 1 | AM-MP-05.01 |
| Descrición tarefa | Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas nas convocatorias que se produzan sobre proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC. Responsables: Decanato e Coordinación de Título. |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Non executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-05.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | A tarefa non foi executada por non constar convocatoria |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |
| Tarefa 2 | AM-MP-05.02 |
| Descrición tarefa | Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS) e poñan en marcha iniciativas que supoñan a aplicación de |

| | |
|---|---|
| | metodoloxías docentes innovadoras. Responsables: Decanato e Coordinación de Título |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-05.02 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Na FFP-Lugo, desde o Decanato informouse ao profesorado das convocatorias que se organizan a este respecto, e docentes da Facultade participaron coas súas solicitudes, tal e como figura na evidencia achegada.  Por outra banda, e de acordo coas directrices do Documento Marco de Funcións das coordinacións, as coordinacións de curso poñen a disposicion do profesorado de todos os cursos e graos por medio do Campus Virtual unha ferramenta de recollida de información (táboa de actividades), na que o profesorado é convidado a rexistrar actividades de innovación docente, ApS, prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc., de xeito que se visibilice o seu traballo. As coordinacións de curso recompilan esas actividades nos seus informes anuais, e estos quedan á súa vez reflectidos nos informes finais de curso das coordinacións dos títulos, os cales son empregados como fontes de datos para os Autoinformes de Seguimento e a Memoria de Calidade. Asemade, a descrición completa desas actividades consta no informe de execución anual do Plan FORTE-FFP, posto que unha das súas liñas de acción ten como obxectivo enriquecer a formación do alumnado mediante este tipo de actividades. Finalmente, o traballo desenvolvido na Facultade no eido da innovación docente foi recoñecido no curso 2022-23, no que a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de goberno, acordou seleccionar á FFP-Lugo dentro da convocatoria para o recoñecemento da innovación docente nos centros da USC (https://www.usc.gal/gl/xornal/eventos/entrega-premios-innovacion- |

| | |
|---|---|
| | docente-boas-practicas) Na FCE-Santiago o profesorado foi informado da VII convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe e Servizo (ApS) e participou nas diferentes modalidades (“A. Emerxentes” e “B. Consolidados”) coas súas solicitudes, tal como figura nas evidencias achegadas. Así mesmos, as persoas responsables da coordinación de curso e a coordinadora de título recolleron información das actividades realizadas a este respecto para incluír nos diferente documentos a realizar. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | -- |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-06 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo e FCE-Santiago |
| Análise causa | A participación do alumnado en programas de mobilidade é baixa. |
| Definición/ descrición proposta | Dentro do eido de actuación dos centros, deben continuar a desenvolverse mecanismos para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade. |
| Datas | Finalización: 31/07/2023 ; Inicio: 01/09/2022 |
| Estado/Eficacia | Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 01/02/2024 |
| Responsables | -- |
| Comprobación Acción | AM-MP-06 |
| Descrición Comprobación | A acción executouse como estaba previsto, malia que existen condicionantes alleos aos centros que inflúen na participación do alumnado en programas de mobilidade |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | A acción de mellora reabrirase no curso 2023-2024 para continuar a traballar neste aspecto |

## Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)-INTERCAMPUS

| Tarefa 1 | AM-MP-06.01 |
|---|---|
| Descrición tarefa | Realizar actividades para fomentar a participación do alumnado nos programas de mobilidade. Responsables: RAM FPP e RAM FCE |
| Data prevista de finalización | 31/07/2023 |
| Responsable | -- |
| Estado | Executada |
| Comprobación Tarefa | AM-MP-06.01 Comprobación Nº 1 |
| Descrición Comprobación | Na FFP-Lugo, ao longo do curso 2022-2023, a Responsable Académica de Mobilidade, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso informaron cumpridamente ao alumnado por medio do Campus Virtual sobre convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas formuladas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicitáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación. A participación do alumnado nestas convocatorias é limitada, malia que existen importantes condicionantes alleos aos centros sobre os que se ven reflexionando con detalle nos informes de seguimento dos títulos. No caso das prazas Erasmus de inglés, na FFP-Lugo o alumnado continúa a responder moi positivamente á publicidade feita, cubrindo case todas as prazas dispoñibles en universidades de fala inglesa para o curso 22-23. Unha razón pola que o alumnado non cubre todas as prazas da categoría de intercambios SICUE é posiblemente de tipo económico, xa que as prazas SICUE non contan con bolsas. Polo que respecta a outro tipo de prazas, como as de convenio bilateral, non contan con tanta demanda entre o alumnado ao requirir dun maior desembolso económico, non ter bolsas en todos os casos, e estar suxeitas a máis trámites burocráticos. Na FCE-Santiago, ao longo do curso 2022/2023, tamén se informou ao alumnado por medio de reunións formativas e do Campus Virtual sobre |

| | |
|---|---|
| | as convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas formuladas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicitáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación. Igual que na FFP-Lugo a participación do alumnado nas convocatorias existentes é limitada, en parte, polo dito máis arriba, por condicionantes alleos aos centros. |
| Data Comprobación | 01/02/2024 |
| Incidencias | -- |
| Axustes/Novas Tarefas | Esta tarefa reabrirase no curso 23-24 para continuar o traballo nesta liña |

| ACCIÓNS DE MELLORA | |
|---|---|
| **Código** | AM-MP-07 (Curso 2022-2023) |
| Orixe | Revisión Externa do Informe de Seguimento |
| Ámbito de aplicación | Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito: FFP-Lugo e FCE-Santiago |
| Análise causa | Existe un desaxuste entre as mencións recollidas na Memoria do Título e a oferta actual. |
